Datos Do Expediente:

PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/PLE/4/2016	GOB10I09Y	
5568386V4L0D3E6602O5 ²5568386V4L0D3E6602O5i» ²5568386V4L0D3E6602O5i»		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTEOITO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES:

SR ALCALDE-PRESIDENTE:
D/Dª JOSE MANUEL BLANCO SUAREZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:
D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ
D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/Dª NATALIA HERMIDA RICO
D/Dª JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO
D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO
D/Dª MERCEDES TAIBO REY
D/Dª JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/Dª MARCOS LOPEZ BALADO
D/Dª LAURA PENA FERNANDEZ
D/Dª PATRICIA ANEIROS FREIRE
D/Dª HIPOLITO FARIÑAS SOBRINO
D/Dª ESTHER CARBALLEIRA REGO
D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO
D/Dª OCTAVIO ALEJANDRO DOPICO PEREZ
D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ
D/Dª TERESA JESUS SABIO RODRIGUEZ
D/Dª ANDRE ABELEDO FERNANDEZ
D/Dª ALFONSO CASAL PITA

SRA. INTERVENTORA XERAL:
D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ

SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:
D/Dª MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA

Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do vinteoito de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. alcalde, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretaria MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA ,A SECRETARIA SUBSTITUTA.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
Dada conta da acta da sesión anterior, o Concello Pleno deulle a súa aprobación.

2 º.- PROPOSTA SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS NO REGULAMENTO DE AXUDAS DOS EMPREGADOS MUNICIPAIS.. -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Visto o informe proposta do servizo de organización e Recursos de 21 de marzo de 2016 que textualmente di: "**Antecedentes.-** O Concello Pleno de data 29 de outubro de 2015 aprobou o regulamento de axudas sociais para o persoal do Concello de Narón, O citado regulamento,

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

constitúe un desenvolvemento do convenio colectivo e acordo regulador pulicados no BOP da Coruña en datas 31 de maio de 2010 e 20 de xullo de 2009, respectamente. En estes, se establece que as axudas serán obxeto de incremento en función do IPC anual a partir da entrada en vigor dos citados acordos.

O regulamento aprobado, recolle os incrementos experimentados por cada axuda específica,dende 2009 ata 2015, non obstante por erro, omiteuse a actualización da axuda regulada no *Capitulo IV-. Subvencións por diminuídos físicos e/ou psíquicos"*, figurando a cantidade 190 € onde debe decir 206,88 €

Reunida a xunta de persoal conxunta funcionarios e persoal laboral en data 9 de marzo de 2016, acordouse propoñer a corrección do erro indicado.

Normativa aplicable.-

- Real Decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro que aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público – artigos 37 letra i e 38.8
- Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia- artigos 153 letra i e 154.8
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario , concello Pleno de data 26/02/2009 (bop da Coruña n. 169 de 30/07/2009
- Convenio Colectivo persoal laboral do Concello de Naron, Concello Pleno de datas 30/10/2009 e 5/4/2010 (bop da Coruña n.100 de 31/05/2010)
- Lei 30/1992, de 26 de novembre de Réxime xurídico das Administracions Públicas e do Procedemento Administrativo Común, artigo 105

INFORME-PROPOSTA

Tendo en conta que a proposta da Xunta de persoal se enmarca dentro das facultades conferidas aos órganos de negociación colectiva recoñecidos pola normativa vixente, e conforme co establecido no artígo 105 de la Ley 30/1992 de 26 de novembre,de Réxime xurídico das Administracions Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a funcionaria que subscrebe eleva á Alcaldía-Presidencia a presente proposta para a súa aprobación polo Concello Pleno:

Correxir no texto do regulamento a cantidade correspondente á subvención por diminuidos físicos e/ou psiquicos actualizando a cantidade segundo o IPC 2009-2015, quedando a redacción seguinte xeito :

Capitulo IV-. Subvencións por diminuídos físicos e/ou psíquicos …onde di : "3.- Contía das subvencións .-A subvención consistirá nunha contía fixa de 190,00 € mensuais por cada diminuído físico ou psíquico, e pagarase con referencia ao mes natural vencido", debe decir: 3.- Contía das subvencións .-A subvención consistirá nunha contía fixa de 206,88 € mensuais por cada diminuído físico ou psíquico, e pagarase con referencia ao mes natural vencido"

Esta alcaldía, a vista dos informes que obran no expediente e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 21-04-2016, , propón a ese Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo: "

Correxir no texto do regulamento a cantidade correspondente á subvención por diminuidos físicos e/ou psiquicos actualizando a cantidade segundo o IPC 2009-2015, quedando a redacción seguinte xeito :

Capitulo IV-. Subvencións por diminuídos físicos e/ou psíquicos …onde di : "3.- Contía das subvencións .-A subvención consistirá nunha contía fixa de 190,00 € mensuais por cada diminuído físico ou psíquico, e pagarase con referencia ao mes natural vencido", debe decir: 3.- Contía das subvencións .-A subvención consistirá nunha contía fixa de 206,88 € mensuais por cada diminuído físico ou psíquico, e pagarase con referencia ao mes natural vencido"

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º.- PROPOSTA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.. -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así:

Visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda e a relación de facturas que se achega correspondente a gastos realizados no exercicio precedente, que ascende á cantidade de 117.246,15 €.

O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ao orzamento de cada ano os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos ou ingresos feitos dentro do mesmo exercicio orzamentario, tal como establecen os art. 162 e ss. do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), e os art. 2 e ss. do R.D. 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do título Sexto do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O art. 26 do R.D. 500/1990 que regula a temporalidade dos créditos, establece unha excepción ao principio de anualidade, permitindo aplicar aos créditos do orzamento vixente, no intre do seu recoñecemento, as obrigas derivadas de exercicios anteriores.

Visto o informe emitido pola Intervención Xeral O 18/04/2016 (PRE10I02Y).

Vistos os informes dos distintos departamentos xestores de gastos, que quedan incorporados a este expediente.

Considerando que a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa "teoría do enriquecemento inxusto", en virtude da cal "no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades" (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido, pois ao quedar acreditado debidamente as efectivas prestacións realizadas, xa que as facturas están debidamente conformadas, non pode obviar o pagamento das prestacións recibidas.

Visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 21/04/2016, o Presidente da devandita Comisión propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o levantamento do reparo con efectos suspensivos formulados pola Intervención que consta no informe de 18/04/2016 (PRE10I02Y).

SEGUNDO: Aprobar o recoñecemento extraxudicial da relación de facturas de gastos realizados no exercicio precedente e non aplicados ao Orzamento, que ascende a cantidade total de 117.246,15 €.

TERCEIRO: Tomar razón do endoso da factura Emit-17 da empresa Xestión Bibliotecaria e Documental S.A., pola Asistencia técnica aos servizos bibliotecarios da rede bibliotecaria municipal do 1 ao 31 de decembro de 2015, por un importe de 5.979,41 €.

DEBATE

-Sr. Casal Pita: O primeiro punto da proposta fálanos dos reparos da Intervención a prácticas contrarias ás leis e que, polo que se ve, non son só casos illados, isto é:

- Contratos feitos de xeito verbal, que segundo o artigo 28.1 TRLCSP non se poden levar a cabo.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Facturas respecto das cales non se tramitou a correspondente proposta de gasto ou non se adxudicaron polo órgano competente, ou se tramitaron ou adxudicaron con posterioridade á realización do gasto. En todo caso, con respecto ás ditas facturas, as contratacións realizadas non respectaron a necesaria verificación da existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente.
- Tamén se prorrogou de tacitamente o contrato de "Asistencia técnica dos servizos bibliotecarios da rede bibliotecaria municipal" ata asignar un novo con outra empresa.
- No servizo de "Limpeza de interiores de edificios e escolas municipais" incumpriuse a lei de contratos ao sumar facturas por cerca de 82.000 euros, superando o límite do importe do contrato menor que é de 50.000 euros.
- A Intervención advirte que os gastos de servizos encadeados sucesivamente ou de carácter periódico e/ou repetitivo deberían tramitarse con procedementos de contratación para darlles cobertura favorecendo así a pública concorrencia e a obtención de prezos mais vantaxosos economicamente.

O peor de todo é que case vémonos obrigados pola propia lei ao uso desta medida para non prexudicar a terceiros, pero tiña que ser un procedemento de carácter extraordinario, e non unha posibilidade regulada para validar de xeito sistemático gastos realizados sen axustarse aos procedementos da LCSP e LRFL.

Quixeramos saber como lles encaixa estas actuacións na lei e na ordenanza de transparencia e bo goberno, e quen vai a asumir as responsabilidades políticas e patrimoniais polo incumprimento da lei, ou ¿pensan que xa lles vale con facer borrón e conta nova?.

Si se comprometen aquí, ante o Pleno, a asumir responsabilidades votaremos a favor da proposta. Moitas grazas.

-Sr.López Balado: muchas gracias Sr.alcalde. Buenas tardes a todos.
En lo que se refiere a este punto, por parte del Partido Popular, vamos a hacer una cosa que no solemos hacer habitualmente y es cambiar la postura del voto que tuvimos en la Comisión de Cuentas. En la Comision de Cuentas nuestro voto fue favorable y hoy vamos a votar que no a este expediente de reconocimiento extrajudicial de facturas.
El motivo no es otro de la sensación que tenemos de que se nos está tomando el pelo. Yo esperaba aquí que el Sr.Villamar, el sr. concejal de Hacienda tuvo la oportunidad de dar alguna explicación, las explicaciones que no dio el otro día en la Comisión de Cuentas, ni el otro día ni hoy, y nosotros en estas circunstancias no se lo vamos a pasar. El Sr.Casal decía ahora y muy bien dicho que, claro, esto, a los grupos que estamos ahora en la oposición, nos genera un conflicto, que es el de votar que no y parece que queremos perjudicar que las empresas cobren y producirle un lucro ilegal al ayuntamiento o votar que sí, digamos que, por responsabilidad.
A él como es el primer año, pero la verdad es que este tipo de expedientes vienen todos los años, se vienen produciendo todos los años, año tras año. Y en este caso en concreto, además, nos encontramos con que vienen unos informes del servicio de Intervención con reparos sobre los que el Sr.Villamar no dijo nada el otro día, ni en la comisión ni hoy, que tuvo la oportunidad de intervenir, en primer lugar y tampoco dijo nada. Y aquí, en estos informes que tenemos aquí se dicen cosas, eh. Porque aquí dice: "*esta Intervención fiscaliza desconformidade, aprobación das facturas por motivos que se especifican nos apartados*…. Y viene incluso aquí después una parte, aunque también como viene aquí se levanta e incluso una parte con reparos, con efectos suspensivos, entonces nosotros consideramos que en estas circunstancias y de la manera que se están haciendo las cosas no se dan los requisitos necesarios para que votemos a favor. El Sr.Villamar el otro día nos quiso dejar pasar este expediente como si fuera un expediente más. Él lo que nos dijo que esto a final de año era normal, porque siempre quedaban facturas que se

presentaban a principios de enero y en algún caso si en este expediente se recogieran esas facturas, simplemente, pues a lo mejor nuestro voto sería que sí porque bueno en estos casos incluso puede ser culpa, la responsabilidad de la propia empresa que presenta tarde la factura; pero aquí hay incluso facturas que aparte de los reparos que hay, hay incluso facturas que se presentaron a mediados del 2015 y hay incluso alguna factura del 2014, que entró por el Registro del Ayuntamiento en el 2014.
Entonces, nosotros, yo no sé como se puede arreglar esto, son ustedes los que gobiernan, son ustedes los que tienen que dar una solución. Yo lo que les digo es que nosotros en estas circunstancias vamos a votar que no.

-Sr.Villamar Díaz: boas tardes. Sr.alcalde, eu a verdade é que nas comisións informo e supoño que todo o mundo vai cos deberes feitos, coa documentación lida e polo tanto, supoño que xa nese momento eses informes que agora leron e dende entón ata o de agora xa os podían ter lidos.
En todo caso, se a xente non vai cos deberes feitos pois é responsabilidade de cada un. Eso en primeiro lugar e, en segundo lugar, sempre pode haber algunha factura pois que quede descolocada por parte dalgún departamento, e é así, non é o ideal pero pode ocurrir, no. En todo caso, a maioría das facturas que estamos a falar son efectivamente facturas de finais de ano e son facturas que ademais, de contratos, que no seu momento saiu o concurso, concurso que nalgún deles foi recurrido e polo tanto, non se podían facer as adxudicacións. E o que non podíamos facer é deixar de atender eses servizos e polo tanto, se mantivo a contratación con quen xa o viña exercendo. Cómo? está moi ben, hai uns informes de Intervención que a min tamén me parecen correctos pero que é necesario tamén mirar os informes dos diferentes departamentos que dan estas explicacións e esto que estou eu aquí comentando, polo tanto, está efectivamente xustificado que eso se teña producido así.
Estamos falando de facturas de final de ano e estamos falando dalgunhas, de concursos de que hoxe xa están adxudicados pero que no seu momento incluso cos recursos que presentaron algunhas empresas, pois tiveron que prolongarse no tempo e non podíamos deixar de prestar ese servicio. Esa é a explicación. E nada máis pola miña parte, no.

-Sr.Abeledo Fernández: dende Esquerda Unida imos a votar que si porque non vemos nun principio ningún indicio de ilegalidade, si que pode ser unha mala praxis pero entendemos que o noso voto si ten que ser favorable.

-Sr.Casal Pita: bueno, dicirlle ao Sr.André, que o indicio de ilegalidade, xa o atopou a interventora. Entón, nada máis que hai que ler os papeis.
É certo que ás veces, Sr.Villamar, non todos facemos os deberes a tempo, e vostede é un exemplo claro delo non, porque xa o vimos en moitos máis casos, e o retraso nalgúns casos pode ter xustificación, no retraso dos contratos que se pararon, que se interrumpiron, polo motivo que sexa. Vostede, despois de tantos anos no Concello e como responsable de Facenda ten que saber de sobra e senón hai técnicos ao respecto que lle indiquen que hai que ampliar o contrato da forma procedente entonces non é unha disculpa que o contrato se parara, se atrasara etc., é simplemente facer unha intervención que creo que non é moi complicada, simplemente, penso eu, que será algo así como asinar un papel do contrato se continúa “x” meses ou ata que se solucione o problema. Entonces creo que eso non ten disculpa. SEncillo e vostede ten experiencia suficiente nestes temas. E en canto a outras facturas e que bueno, a verdade que hai cousas bastantes sorprendentes como a factura que foi rexeitada do 2014 porque non había fondos, derivouse e agora se volve a meter, bueno, eran 44 euros, eu creo que quedaba mellor o concelleiro que a asinou, quedaba mellor

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

dándolle os 44 euros á empresa e zanjar o tema (risas). Eso é a modo de broma porque ás veces estes papeleos, en fin…..
En todo caso, hai certos temas que se xustifican pero hai outros que no.

-Sr.López Balado: gracias.
Aquí ya lo dijimos cuando se habló del reglamento de transparencia. Que era posible tener transparencia sin tener un reglamento y teniendo un reglamento era posible no ser transparentes. Y yo no sé que dice el Sr.Villamar , cuando lo cierto es que sigue sin darnos explicaciones porque él aquí no nos dice "*es que algunas facturas o la mayoría de facturas*….". Esos no son casos concretos y aquí hay excepciones, Sr.Villamar y usted no está dando ninguna explicación. Ustedes son conscientes de las dificultades que se nos está dando a los grupos de la oposición para dilucidar en unas horas expedientes tremendamente grandes y usted el otro día en la Comisión de Cuentas tuvo la oportunidad de dar las explicaciones oportunas y no las dio y yo no sé a que viene aquí ahora a decir si los demás leen o no leen los expedientes pues, efectivamente, los leemos en la medida en la que podemos, Sr.Villamar. Y solamente hacerle un pequeño matiz, un pequeño apunte al Sr.Abeledo que se nos mostraba convencido de votar que sí porque no veían trazas de ilegalidad. Yo no tengo claro que votando una decisión en contra de un informe de los servicios de Intervención no pueda haber en algún caso, se puede cometer incluso prevaricación. O sea, yo no tengo tan clara la legalidad que ve el Sr.Abeledo.

-Sr.Casal Pita: simplemente dicir que a propia lei di que aínda que hai efectivamente este mecanismo para saír do paso, poder facer o pago das débedas que ten o concello, eso non quita de que os politicos teñan que asumir as súas propias responsabilidades incluso co seu propio patrimonio. Como di a lei, eh. Entonces, en fin, que o teñan en conta.

-Sr.alcalde: se non hai máis intervencións, antes de parar a votar sólo aclarar dúas cuestións. A primeira é que o que se vai a votar é o mesmo que se levou a comisión. Os que cambian de parecer son os grupos, non a proposta.
Segundo, o que hai, o levantamento que se vai a facer non é de todas as facturas, é dalgunhas facturas en concreto, non todas.
E terceiro, asumimos a responsabilidade loxicamente, pero o que propón vostede é máis ilegal….
Ampliar un contrato sen que o diga o algunha vez rematada a prórroga é totalmente ilegal. Eso si que non se pode facer. Non hai discusión. Os contratos rematan e se hai prórroga se pode prorrogar e, se non hai, rematouse o contrato. Outra cousa, é a xestión que se poida facer cun informe positivo ou negativo de Intervención para seguir cumplindo o servicio. Pero tamén nos estamos esquecendo que posterior ao informe da Intervención e por eso se levanta é por informe de Contratación, que di que non había outra alternativa, eh.
Pero non vou a discutir deste tema. Por favor, pasamos a votar a proposta
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1 (EU) En contra 1(ENE)

4 º.- PROPOSTA SOBRE SOLICITUDE DE APLICACIÓN DO COEFICIENTE DE ACTUALIZACIÓN DO VALOR CATASTRAL DE 0,92 EN 2017.. -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Visto o escrito remitido pola Xerencia Rexional do Catastro de Galicia relativa á posibilidade de solicitar a aplicación dun coeficientes de actualización de valores catastrais de 0,92 para o exercicio 2017, dado neste intre atópanse, de media, por riba do 50% do valor de mercado.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda no que se fai constar que se cumpren os requisitos establecidos no art. 32.2 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e se cuantifica o impacto acumulativo da aplicación simultánea do coeficiente de actualización de valores catastrais de 0,92 e a redución do tipo impositivo do Imposto de Bens Inmobles ao 0,63% e 0,60% en 2017 e 2018, respectivamente, previstas no Marco orzamentario 2017-2019 para compensar a meirande parte do incremento xerado pola regularización anual do 10% da diferenza entre a base liquidable e o valor catastral dos inmobles determinado no Relatorio de Valores aprobada en 2008 en 350.000 € anuais e sobre a recadación do Imposto de Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana en 40.000 €.

Visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 21/04/2016, o Presidente da devandita Comisión propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro a aplicación dun coeficiente de actualización dos valores catastrais para o exercicio 2017 de 0,92, conforme ao estipulado no art. 32. 2 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

DEBATE

-Sr.Villamar Díaz: neste caso, como xa temos comentado noutras ocasións, pois xa o que pagan os cidadás á hora de facer fronte ao Ibi pois ven dado por 2 motivos, un é o coeficiente e outro é o valor catastral, no. Valor catastral que no caso do Concello de Narón pois fíxose no ano 2008 nun momento, digamos, que o valor das vivendas dos bens inmobiliarios era alto, e cando se fixo a revalorización catastral pois temos uns valores, digamos altos, desos bens, no.
No seu omomento, creo que foi en abril de 2015, aprobamos por unanimidade neste Pleno do Concello solicitarlle ao Pleno do Concello. No seu momento, creo que foi en abril de 2015, aprobamos por unanimidade neste Pleno do Concello, solicitarlle ao Ministerio de Facenda a revisión dos valores catastrais do noso Concello.
Logo de remitir esa solicitude e de diferentes reunións tamén coa Dirección Xeral do Catastro, chegamos a esta proposta que nos fai a Dirección Xeral do Catastro, para o ano 2017, que aínda que non é unha revalorización ben por ben do catastro de noso Concello pois si é unha proposta que variaría todos os valores catastrais no 0, 92. Polo tanto, nos dán de prazo ata o día 31 de maio para solicitalo e, na liña do que vimos manifestando, pois acollémonos á posibilidade e imos a solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro ese 0,92 para os valores catastrais do noso Concello. Nada máis pola miña parte.

-Sr.López Balado: bueno, como broma la intervención del Sr.Villamar no tiene precio. Como broma está bien y además veo que no se puso colorado, eh. Que a veces no es fácil decir esas cosas sin ponerse colorado.
O sea, que entonces eso viene ahora porque resulta que este Pleno o vosotros, propusisteis en abril del 2015 pedirle al Ministerio que nos bajara… esto como broma no está mal, pero nosotros, primero, somos conscientes de que cuando ustedes en abril del año pasado aprobaron una moción, ya ven que esto no viene por la vía de moción, cuando ustedes aprobaron una moción para pedirle al Ministerio, sabiendo que ese no es el procedimiento y que se lo mandaron a quien no lo podía bajar, ustedes ahí lo vieron como normal, y ustedes pretenden colarnos porque no deben de saber que los demás grupos sabemos perfectamente que la gerencia regional del catastro le envió a todos los ayuntamientos, a todos los ayuntamientos, esto no es ninguna gestión suya ni del gobierno de Narón, se lo envió a todos los ayuntamientos, ya va a hacer casi un año, les envió un escrito para

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

comentarles la posibilidad de actualizar en un porcentaje los valores catastrales sin tener que recurrir a una nueva ponencia. Esta es una carta que les envía la gerencia regional de catastro, ustedes no fueron a negociar nada. Ustedes a lo mejor, una vez, igual que todos los ayuntamientos una vez que los convocan y les ofrecen esta oportunidad, ustedes acudieron pero ustedes no se dirigieron a nadie para pedir esto.
Lo que sí nosotros por nuestra parte, vamos a votar a favor de este punto y nosotros además, bueno, tenemos así un cierto sabor agridulce pero nosotros estamos satisfechos porque ahora se demuestra y se ve que lo que decía nuestro grupo, que lo que decía el Partido Popular era verdad. Y quien tenía capacidad para tomar decisiones para bajar el recibo de la contribución, el Ibi en Narón era el gobierno del Ayuntamiento de Narón y nosotros llevamos años diciéndole y llevamos años pidiéndoles que bajen el recibo. Lo pedimos en el año 2011 y este Pleno tenía capacidad para bajar el tipo y no lo bajó.
Todavía el mes de octubre pasado presentamos una enmienda a las ordenanzas y ustedes votaron que no, cojan el recibo, todavía el mes de noviembre presentamos una moción para bajar y tal y ustedes también votaron que no, y entonces ahora como viene la Dirección Gral. de Catastro o la Gerencia Regional de catastro y les ofrece esta posibilidad y casi no se pueden ni negar entonces ustedes pretenden aprovecharlo y pretenden decirle al conjunto de la ciudadanía: mira que maravillosos somos que el Ayuntamiento de Narón nos a a bajar el recibo de la contribución.
Con muchos años de retraso, desde que nosotros lo llevamos pidiendo. Entonces, hombre, estamos satisfechos por comprobar que tenemos razón, estamos satisfechos por comprobar que los vecinos, para el año 2017, que todavía queda un año y medio, para el año 2017 van a poder bajar un poco menos en el recibo, porque efectivamente se podía pagar menos en el recibo, pero primero, comprenderán que no estemos satisfechos por los años de retraso y comprenderán que no estemos satisfechos porque este gobierno aún tiene capacidad para bajar más el recibo, tiene capacidad para bajar mucho más el recibo y no lo van a hacer y además me gustaría insistir otra vez que, aquí esto viene por la vía de propuesta, no viene como moción y aquí se acuerda, hay unos documentos de la Gerencia Regional de Catastro, y aquí se acuerda solicitarle a quien corresponde todas estas actuaciones .
Esto no se pide, ni se aprueba con una moción como se hizo aquí enviándoselo a un Ministerio, al primero que encuentran ustedes. Esto ya se lo dijimos en su día que estaba mal hecho y ahora se ve que el tiempo nos da la razón. Y además quería añadir también un matiz porque esto ya pudieron haberlo hecho, habiendo recibido hace casi un año, ya lo pudieron haber hecho para el recibo del Ibi, de la contribución, del 2016, por qué no lo hicieron para el 2016? No. Esperan para el 2017 y ahora lo querrán agilizar para el 2017 porque ustedes quieren también, quieren cuadrar la jugada redonda. Ustedes están negociando el precio por el centro de salud viejo y, claro , para los intereses que a ustedes les conviene si que quieren los recibos de la contribución que sean un poquito más bajos y los valores de la contribución más bajos.
Ustedes quieren ahora para su administración unas ventajas que al conjunto de los ciudadanos no les dieron. Entonces bueno, nosotros vamos a votar a favor porque a fin de cuentas esto demuestra que el Partido Popular tenía razón, y que el recibo se podía bajar pero nosotros no estamos completamente satisfechos con esto.

-Sr.Casal Pita: alegrámonos que finalmente entrasen en razón e asumisen o súa propia decisión do último pleno do mandato anterior (a un mes das eleccións) para a revisión dos valores catastrais, despois de todo foi unha medida electoralista que parece que lles deu resultado.

No nos alegramos tanto cando vemos que están a colgarse medallas dicindo que «A medida xurde das xuntanzas solicitadas polo goberno local con representantes da Xerencia rexional do Catastro», cando é un feito comprobado que ante un erro da súa propia xestión, estaban a deixar correr a cousa para non acometer a actualización en espera do 2018 cando xa se produciría unha actualización en automático dende o Catastro.

O certo é que tras interesarnos dende Eliximos Narón polo estado da tramitación da rebaixa dos valores catastrais descubrimos que non se estaba a facer nada porque os papeis se remitiran á outra oficina distinta de Facenda, polo que o 12 de novembro do pasado ano solicitamos por rexistro ao alcalde que os remitira novamente, ao cal se negou (tamén por escrito) alegando que dita oficina era a que debería remitir os papeis a oficina correcta (a do Catastro). E isto xa denunciamos en nota de prensa do pasado 9 de decembro o deixamento de funcións da Alcaldía por este feito e saíu publicado na Voz de Galicia do 14 de decembro.

Tras a negativa do alcalde, solicitamos copia compulsada do acordo plenario de abril de 2015, e dende Eliximos Narón o remitimos á dirección Xeral do Catastro en Madrid e á Xerencia Rexional do Catastro en Galicia (ver copia anexa de data 7 de decembre), que foi contestada dende a Xerencia Rexional dicindo que o analizarían e que o resultado do análises se lle comunicaría ao Concello, e finalmente xa temos este resultado que é o que estamos a aprobar.

Pero a realidade que non queren contar é que o concello seguirá a ser o terceiro da provincia co IBI mais alto e un dos primeiros de Galicia, e dende TEGA, como xa recoñeceu publicamente algún dos seus membros, parecen estar moi satisfeitos de que sexa así.

O problema disto ven cando a poboación non se apercibe de que ter maiores impostos non lles supón ter mellor atención e servizos, e ao ver que serven para continuar a pagar as débedas dos 17,5 millóns de euros do Pazo da Cultura (o Gaias naronés), e no que anualmente se está a gastar o 5,3% do presuposto, mais de 1,5 millóns de euros, que sube o gasto cultural ao dobre que concellos semellantes. Tamén estamos a pagar o dobre pola limpeza viaria e porcentaxes mais altos que outros concellos en outros temas, pero seguimos pola cola en inversións produtivas.

Nos plenos anteriores que se falou desta revisión o Sr. Villamar estaba a meternos medo dicindo que tiveramos coidado porque a revisión podería ser á0000000000 baixa ou tamén á alza. Tranquilo Sr. Villamar, só vanlle a baixar os ingresos en 390.000 euros, así que só terán que recortar algo no seu “teatro” ou mellorar a súa xestión. Bueno, tamén hai que ter en conta que xa hai que pagar 230000 euros menos, polo novo local, polo local do servicio do Sergas, entonces ahí xa compensamos o aforro e xa quedan cento e pico nada máis, a diferencia.

Si ben o alcalde non parecía o mes pasado moi convencido de aceptar a rebaixa proposta polo catastro, agora quérenolo vender como un mérito seu. Tal vez non quixeron contradicir a súa propia solicitude, pero seguro que tamén pesaron moito as mais de 6.000 firmas presentadas por Eliximos no pasado decembro solicitando a baixada da taxas do IBI e da auga.

Pero isto non acaba aquí, pois aínda hai inxustizas que corrixir como é o caso do solo sen programar dentro do casco urbano, xa que, segundo a Sentenza do Tribunal Supremo de data 30-05-2014 (Sala do Contencioso, Sección 2ª, número de recurso 2362/2013), “só poden considerarse urbanos a efectos catastrais os inmobles considerados no Plan Xeral como urbanizables cando o desenvolvemento da súa actividade de execución non dependa da aprobación do instrumento urbanístico que ten por finalidade a súa ordenación detallada”, e, por tanto, está en situación de chan rural “o chan para o que os instrumentos de ordenación territorial e urbanístico prevexan ou non permitan o seu paso á situación de chan urbanizado, ata que termine a correspondente actuación de urbanización”.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Así que como primeira medida quero aproveitar para informar de que todo aquel que teña fincas nesa situación non pague o seu recibo e presente unha reclamación en base a esta sentenza.

Pero polo de pronto votaremos afirmativamente a esta proposta.

-Sr.Villamar Díaz: bueno, eu para aclarar algunhas cousas que se comentaron aquí.

Bueno, en primeiro lugar, dicir que o Concello de Narón non recibiu ningunha documentación digamos anterior, este é o primeiro ano que recibimos a documentación. Non recibimos esa comunicación. E máis, nas reunións que mantivemos coa Dirección Xeral de Catastro, non fai máis de un mes incluso, non nos ofrecían nin esta posibilidade, nos falaba de que Narón estaba en torno ao 56% o seu valor catastral, que o consideraban incluso normal, porque entendían que entre o 40 e o 60 do valor catastral que o entendía como normal, e que incluso nos aconsellaba non tocar o tema do valor catastral. Este mesmo mes recibimos unha comunicación e unha vez que a recibimos a aceptamos. Non é que cambiaramos de idea, é que nunha reunión co Sr.Benito Goicoechea nos manifestaba esto e posteriormente remititunos esto que non coincide co que el manifestaba. Supoño que el e eu o entendo así que non nos estaba ocultando esto nin moito menos senón que sería unha comunicación que tamén a el lle chegou a posteriori da reunión que tivo con nosotros. Polo tanto, esa é a realidade e non outra.

Sorpréndeme tamén, Sr.alcalde, a capacidade de escandalización, da mentira e todo eso do Partido Popular, según eles, se escandalizan polas mentiras, que non son tales e sen embargo non se escandalizan doutras que hai no seu partido. Hai tragaderas para unha cousa e para outra parece que imos ao mínimo. En todo caso, convén recordar que no ano 2008 cando se fixo a revisión catastral do Concello, cando se fixo da maneira que se fixo donde ese incremento repartiuse durante 10 anos e se ía ir medrando ano a ano, o Partido Popular cogobernaba no Concello de Narón, eh. Eso en primeiro lugar.

Cando entraron a cogobernar no ano 2011, unha das primeiras decisións que tomou o Partido Popular a nivel de goberno central, foi precisamente, obligar a todos os Concellos, entrando irregularmente na autonomía dos concellos a obrigarnos a subir o coeficiente e durante uns anos, estivemos obrigados a mover ese coeficiente, coeficiente que era o 0,67, por certo, que xa era elevado cando cogobernaba neste concello o Partido Popular e non dixo nin mu, que tivemos que subir o 0,70, por imposición do Goberno Central, cunha vez que tivemos posibilidade de baixalo, baixámolo, como vai a ser este ano 2016 ao 0,66.

Por certo, que é máis baixo ese coeficiente que o coeficiente que tiña este concello cando en Narón cogobernaba o Partido Popular. Eso é bo recordalo e que agora que se nos permite, logo de que este Pleno. votado por unanimidade tamén polo Partido Popular nese momento, solicitamos que se revisaran os valores catastrais, que por certo, esto non é unha revisión dos valores catastrais, este é un trato por igual a todo o mundo baixando ao 0,92, que eu comentaba e non é porque o dixera este concelleiro que non é adivino senón que tamén así nolo trasladaban dende a Dirección Xeral do Catastro, que a revisión, non ía a supoñer e volvo a repetilo, se fóra realmente unha revisión catastral, non ía a supoñer que todos os valores catastrais ían a baixar; podería haber algún que subira e podía haber algún que baixara. Neste caso, a posibilidade que nos ofrecen é esta, e ímola a aceptar. Esta é a realidade, non hai nada máis, non hai absolutamente nada máis. O problema Sr.alcalde, co portavoz de Eliximos, con Alfonso, é que eu a verdade non sei cando está de broma e cando está en serio. E eso a min me descoloca. Me descoloca. A verdade eu non sei cando está en serio ou de broma. Digo eu, debe de estar de broma cando di que as taxas máis altas de IBI son as de Narón. Debe estar de broma. O metro cadrado, o que paga por metro cadrado edificable o

Concello de Narón é moitísimo máis barato que o de Ferrol, de media, que o da Coruña, que o de Santiago, que o de Arteixo, etc. etc. etc.

E a outra mantra que nos están contando continuamente de que, si Narón ten os impostos moi elevados, moi elevados. Remítoos, non agora, xa os remitín noutras ocasións cando gobernaba o Partido Popular na Coruña, Narón creo que é o 26 ou o 27 concello en presión fiscal dos noventa e tantos que hai, o 26 ou o 27, se non somos os que máis presión temos, é máis, é un criterio que se utiliza agora á hora do reparto económico e eso dalgunha maneira tamén nos prexudica, por decilo dalgunha maneira, á hora do reparto. Polo tanto, eso non é certo.

A cultura é unha das competencias que ten este Pleno. Hai cousas que traemos a este Pleno que non son competencia deste Pleno, pero a cultura curiosamente é unha das competencias propias dos concellos e eu creo que adicarlle o 5,3 á Cultura non me parece moito. Pareceríame moito por exemplo, dedicarlle o 5,3 a facer sitio para pasear os cans, por poñer un exemplo. Entonces por iso, como imos a recibir menos, como imos a recadar menos, no IBI, pois seguramente iremos máis lento nesa elaboración das 17 zonas para pasear os cans que nos pedía o Sr.Alfonso porque eu supoño que ese día tamén estaba de broma. Moitas grazas.

-Sr.López Balado: bueno, yo quiero por lo menos, el mismo tiempo que tuvo el Sr.Villamar para hacer la réplica.

Bueno, la verdad, ahora de esta vez, que lo observo desde aquí, ahora sí que se puso un poco colorado, y no me extraña que se pusiera un poco colorado ante la sarta de barbaridades que dijo aquí. A mi no hace mucho en un debate me destacaba que la presión fiscal de este ayuntamiento, presión fiscal no, esfuerzo fiscal que aún no tiene claros los conceptos, era más o menos del 13 o 14, hoy ya está en el 26 o 27, supongo que para el mes que viene ya estaremos en el 35 o 36. Dice el Sr.Villamar aquí, siempre tiene esa insistencia en recurrir al año 2008 y decir que aquí cogobernaba el Partido Popular, cuando lo cierto quien gobernaba aquí, quien tenía la gestión presupuestaria, quien se encargaba de las ordenanzas fiscales son sus actuales socios de gobierno, eh, Sr.Villamar, no los míos. Y usted a sus socios de gobierno no les hace ningún reproche y si quiere recordar en el Ministerio quien hizo, digamos, la revisión catastral, de este Ayuntamiento, no lo olvilde, estaba gobernando el PSOE. Que también son sus socios de gobierno, no lo olvide, porque a veces usted parece que se despista y se dispersa así de manera muy fácil.

Dice aquí que ahora, que se va a bajar cuando se pueda bajar por 1ª vez en el 2016, está usted mintiendo Sr.Villamar.Ya en el 2013, podían haber pedido ustedes una ponencia de valores porque (si no lo sabe se lo digo yo) las ponencias de valores una vez aprobadas, a los 5 años, se pueden revisar. Como la ponencia de valores es del año 2008, como usted muy bien decía, a partir del año 2013, ya se podìa revisar y de hecho hay administraciones como la Xunta de Galicia que pidieron revisar esas ponencias de valores, incluso dieron cifras, bajaron un 12% o un 13% de los valores de los inmuebles urbanos, usted eso no lo tiene en cuenta.

Y también el Ayuntamiento de Narón podía haber bajado el tipo del impuesto, ya lo pudieron haber bajado para el 2013 y no lo bajó, ni para el 2014, ni para el 2015 y lo bajan ahora un poquito para el 2016. Entonces, usted, no pretenda aquí decirnos que es que ahora por primera vez…..

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A usted ahora le traicionó el subconsciente, porque usted dijo una cosa, que la Gerencia General del Catastro, porque esto efectivamente se lo habían mandado a todo el mundo, y que el trato que le daba Narón era el trato que le había dado todo el mundo, el trato que le dá a todo el mundo, son palabras, literalmente suyas. Lo acabó de decir hace un momento. Entonces, si la Gerencia Regional del Catastro, que les dá el mismo trato a todos los ayuntamientos y les da esa posibilidad no es usted que es un gran negociador ni es el Sr.alcalde que sea un gran negociador, el la Gerencia Regional de Catastro que les dá a todos los ayuntamientos esa posibilidad.

Y yo insisto, nosotros estamos satisfechos con que el recibo baje. Lamentamos que no baje hasta el 2017 y lamentamos que la bajada sea insuficiente porque aún puede bajar más y estamos dispuestos a mantener todos los debates que quieran para que quede claro que el recibo aún puede bajar más y son ustedes los que no lo van a bajar más y ya veremos si baja. Que de aquí al 2017 aún pueden pasar muchas cosas.

-Sr.Casal Pita: había un dato que viña só nun informe, que o Sr.Villamar confirmou aquí e parece ser que está no tema dos valores catastrais en torno ao 56% do valor real dos inmobles, no, Eso multiplicalo por 0,92 dá un 51,2%, ou sexa que, aínda temos marxe, dende o 50% aínda temos unha marxe de o 1,2% que bueno, vaise ingresando ao Concello, no. E despois a verdade é que eu non comprobei cando foi o comezo de valores si no 2004 ou no 2008 . De todas formas, se foi no 2008, que foi cando se fixo a última revisión, entonces o que di a lei é que o único que cabe ata o 2018 é a posibilidade de facer unha baixada lineal e a lei o contempla claramente. Non se pode facer unha nova ponencia de valores ata os 10 anos, ao mellor estou equivocado pero creo recordar que é así. Entonces, cun descuento lineal, que é o que en principio contempla a lei, que si que contempla, ao marxe da ponencia de valores non hai problema de que os valores catastrais fosen a subir.

En canto aos valores de catastro, en Coruña, Ferrol, etc. eu básome en datos estatísticos que atopei na web, non recordo agora de que organización ou de que sitio, pero bueno, non fai falta máis que ver os casos que denuncian xente de Narón e que ten pisos en Ferrol e en Narón e que Narón está pagando moito máis; e casos de vivendas en Coruña que tamén está pagando moito máis a pesar de ser vivendas de, digamos, por decilo dalgunha forma de luxo.

O tema da cultura, a min pareceme ben o tema da cultura sempre e cando non estemos pasando fame porque hai xente pasando fame e non estamos creando emprego nin estamos fomentando de maneira decidida actuacións para que a economía do concello mellore dalgunha forma. Entonces creo que, primeiro, a xente que está pasando fame non pode ir ao teatro, non pode pagar a entrada, entonces primeiro hai que tratar de mellorar a economía porque estamos nunha época de crisis Sr.Villamar, a cultura está moi ben cando podemos pagala, cando podemos sostela. En Narón, hoxe en día, non se pode soster, tendo a xente pasando fame.

-Sr.Villamar Díaz: bueno, imos ver, xente pasando fame? Está de coña ou está falando en serio? Porque a xente que está pasando fame non poderá ter un can nin necesitará 17 sitios para plantexalo, no. Cando vostede plantexa eso, está de coña ou está en serio? Usted se está pasando fame gasta diñeiro neso e estamos gastando moito diñeiro en Servicios Sociais pero, en todo caso, permítame que lle diga que antes de ter sitio para pasear os cans, que para ter un can na casa, será necesario ter cultura, no. Entonces, está de broma ou está en serio vostede? Cando propón 17 sitios para pasear os cans. Se vostede realmente constata que hai tanta fame en Narón, como se atreve

aquí a propoñer 17 sitios para pasear os cans? Nos quere tomar de broma a nosoutros ou que? Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.alcalde: está debatido. Ademais alégrame que haxa un debate tan extenso para aprobar esto por unanimidade. Eu teño que facer 3 aclaracións que son fundamentais: primeiro, dende este concello é o primeiro escrito que se recibe dende que eu son alcalde, decindo que hai posibilidade de baixar os valores catastrais por parte do estado. O primeiro. Polo tanto, se mandaron a todos os concellos, seguro que se olvidaron de Narón, e normalmente pode pasar porque cando goberna o PP é moi olvidadizo de Narón. Pero, ollo, non hai nin un só escrito que diga que se puidera facer.

Segundo, ese escrito di que é para incluír nos presupostos do Estado, para o ano 2017 e eu nestes momentos o creo. Quen faga os presupostos de 2017, ao mellor cambia de idea. Porque non sabemos que goberno vai haber en Madrid. Fixádevos, estamos aprobando algo que ao mellor nin se pode levar a cabo porque o goberno que goberne en Madrid pode decidir que o que dixeron uns pois non o van a facer eles.

Terceiro, o escrito estaba ben indicado, o dixen por activa e por pasiva. Non vale dicir, que se envía ao concello porque todos os escritos se dirixen ao alcalde e que como veñen ao alcalde, ao final resulta que no se tramita nos diferentes departamentos, pois Facenda exactamente igual. Facenda recibe os escritos e a súa obrigación no Rexistro é dirixilo aos diferentes departamentos. As reunións coa Dirección Xeral da Xerencia de Catastro, nos decía o perigo da ponencia de valores. Porque si se podía facer. E o peligro que podía facerse era que podía ampliar os valores a máis xente da que se lle debe baixar. Ese é o perigo que eu veía e incluso nos daba datos.

O tema do Pazo, primeiro, non se debe absolutamente nada do Pazo e intentar usar o tema da fame co tema da cultura, co tema do amaño de baches, hai que estar un pouco máis alto de miras nese sentido.

E volvo a repetir outra frase que tamén é moi típica de aquí, que se paga máis aquí que en Coruña, que en Ferrol.. por favor, o que hai que comparar é o valor que ten cada solar. Vostede que me quere comparar Epaat cunha parcela no muelle de Ferrol, por exemplo? Mo quere comparar? E me di que paga máis Epaat cun veciño dunha casa vella do muelle? Ou me quere comparar vostede unha casa da calle Uruguay recién feita coas vivendas do Obispo? Me di que pagan máis os das vivendas do Obispo? Hai que ter cuidado co que se di. O primeiro que hai que utilizar é a verdade e hai que comparar valores para poder dicir quen paga máis e quen paga menos.

Polo tanto, eu creo que está suficiente debatido, é unha vontade de todos, o imos a demostrar e é o que se pode facer, e xa digo, e ollo que sexa unha realidade para o ano 2017. Está debatido o punto, pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 º.- PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DA BASE 9ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.. -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente PRE/9/2016 e ante a necesidade de tramitar a modificación da Base nº 9 das Bases de execución do orzamento do exercicio 2016.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Considerando, que neste caso resulta de aplicación o mesmo procedemento que para a aprobación e modificación do orzamento, é dicir, o procedemento que se establece no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e nos artigos 18 e seguintes do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Diante de todo o anteriormente exposto, analizada e estruturada a información incluída na documentación incorporada ao expediente PRE/9/2016, na que se propón e xustifica a necesidade de modificar a Base nº 9 das Bases de execución do orzamento do ano 2016, e visto que foi tratada na Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 21 de abril de 2016, e ditaminada favorablemente, por unanimidade, o seu Presidente propón ao Concello- Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO. Modificar o apartado b) do punto 1. Orzamento do Concello da Base nº 9 das Bases de execución do orzamento do ano 2016: Nivel de vinculación xurídica dos créditos,quedando a súa redación:

b) Os créditos do capítulo VI do estado de gastos vincularán a nivel de aplicación orzamentaria, con excepción dos proxectos con financiación afectada que vincularán cuantitativa e cualitativamente.

SEGUNDO. Que se expoña ao público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao que se preceptúa no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004.

TERCEIRO. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 º.- PROPOSTA SOBRE MOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO DE NARÓN A DON MANUEL DA SILVA MARQUÉS PATINHA.. -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Rogelio Brage Díaz, instructor do Expediente de concesión de distincions honoríficas seguido a favor de D. Manuel Antonio Da Silva Marqués Patinha, en cumprimento do establecido no Artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte proposta de Resolución:

1º.- Con data 12 de febreiro de 2016 o Alcalde-Presidente da Corporación ordeou a incoación de expediente de nomeamento de **Fillo Adoptivo de Narón a D. Manuel Antonio da Silva Marqués Patinha**, conforme aos artigos 12 e 13 do Regulamento de Distincions Honoríficas do Concello de Narón.

2º.- Có gallo de comprobar as circunstancias que concurren no interesado, leváronse a cabo as seguintes dilixencias:

- Informe elaborado polo Instructor do Expediente , exame da traxectoria persoal e artística da persoa proposta.
- Manifestacions das persoas ligadas ao mundo artístico da Comarca.

3º.- Da documentación anterior dedúcese claramente que D. Manuel Antonio da Silva Marqués Patinha reúne os merecimentos suficientes para ser declarado Fillo Adoptivo de Narón.

Vistos os Artigos 4, 5, 6 e 7 do vixente Regulamento de Distincións Honoríficas do Concello de Narón, aprobado en data 30 de marzo de 2001, a concurrencia das circunstancias e méritos a que se refiren os Artigos 4 e 5 do devandito Regulamento de Distincions e considerando que, según éste, é competencia do Pleno resolver dita concesión, previo ditame da Xunta de Portavoces e posterior da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade, o Instructor que suscribe propón, en principio, á Xunta de Portavoces, o estudo e ditame da concesión de **Fillo Adoptivo de Narón a D. Manuel Antonio Da Silva Marqués Patinha.**

O acto oficial celebraríase o día de Narón.

E visto o ditame favorable, por unanimidade, da Xunta de Portavoces de data 25-04-16, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita e queda como unha **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**.

7 º.- PROPOSTA SOBRE ESCRITO PRESENTADO POLO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL "ASCM" NO QUE SE EFECTUAN DIVERSAS SOLICITUDES EN RELACIÓN AO REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE NARÓN.. -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: O Concello Pleno de Narón aprobou inicialmente o regulamento orgánico municipal en sesión celebrada o 25 de febreiro de 2016, expoñendo ese acordo ao público por trinta días, mediante anuncio no boletín oficial da provincia nº 43, do 4 de marzo, a efectos de presentación de reclamacións ou suxerencias.

O 4 de abril deste ano ten entrada (RE nº 5.874) un escrito presentado por D. Ángel Gárate Roca, en calidade de Presidente da ASCM, no que se efectúan diversas solicitudes en relación ao regulamento orgánico do Concello de Narón, relativas á gravación e difusión das sesións plenarias, en base á inaccesibilidade da zona pública do local de Plenos.

Á vista dos informes recabados por esta Alcaldía obrantes no expediente; considerando que o salón de plenos resulta plenamente accesible para persoas con mobilidade reducida; e que o regulamento orgánico aprobado inicialmente polo Concello Pleno xa prevé a posibilidade de instalar sistemas e recursos técnicos necesarios a fin de ampliar a difusión do desenvolvemento das sesións plenarias, así como as gravacións daquelas na súa páxina web, e visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 25-04-16, esta Alcaldía propón ao Concello Pleno:

PRIMEIRO.- Manter a actual redacción do regulamento orgánico municipal aprobado incialmente na sesión do 25 de febreiro de 2016, ao estimar subsumidas no seu teor literal as distintas posibilidades plantexadas polo recorrente, e sen prexuízo do seu posterior desenvolvemento e implantación de facto, se procede.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo ao alegante.

TERCEIRO.- Prestar aprobación definitiva ao regulamento citado e ordenar a súa íntegra publicación no boletín oficial da provincia.

DEBATE

-Sr.López Balado: nosotros vamos a mantener la postura que mantuvimos en la Junta de Portavoces y vamos a propiciar la aprobación del reglamento que ya teníamos aprobado, en base a que, lo que se dijo en la Junta de Portavoces, es que, con el actual reglamento lo que se pide ya se puede hacer, falta solamente la voluntad política después de hacerlo dentro del marco que establece ese reglamento. Por eso también y ya lo debatiremos, se presentó también otra moción precisamente para reflejar esa voluntad política.

-Sr.Casal Pita: En primeiro lugar quero dicir que no informe da alcaldía GOB10I08E non recolle as referencias dos informes "*recabados por esta Alcaldía obrantes no expediente*" como fai mención, polo que descoñecemos cantos son e si os consultamos todos.

O único informe que encontramos no expediente que fale de accesibilidade, e corríxanme se estou equivocado , e un suposto informe sen número nin referencia, firmado pola arquitecta técnica Purificación Gómez Leiras e con data 15 de abril de 2016. O dito informe só di que o local das

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

bancadas do Salón de Plenos, “permite ás persoas con discapacidade e mobilidade reducida a súa asistencia”, pero iso nos é o que di o informe da alcaldía, xa que di textualmente:

> *“considerando que o salón de plenos resulta plenamente accesible para persoas con mobilidade reducida”*

Hai diferencia entre “plenamente accesible “ e que “permite a asistencia”.

Consideración que non se pode extraer dos informes que encontramos no expediente como se menciona.

Cando estamos a falar de accesibilidade temos que saber que é o que estamos a dicir. Como se recolle no *Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo DECRETO 74/2013, de 18 de abril*, di:

> *Artigo 3º.-Accesibilidade.*
>
> *De acordo coa previsión legal sobre a materia, enténdese por accesibilidade aquelas características do urbanismo, da edificación, do transporte ou dos medios e sistemas de comunicación que permiten a calquera persoa a súa utilización e desfrute de maneira autónoma, con independencia da súa condición física, psíquica ou sensorial.*

Pódese dicir que “permitir a asistencia” non implica que sexa de forma autónoma (porque podémolos levar en brazos), nin que se faga en condicións de seguridade para casos de incendio ou avalancha, por exemplo.

A pesares de que o informe o firma un técnico, dista moito de ser un “informe técnico”, por varias razóns, entre elas:

1. Fala de normativa de aplicación pero non recolle cal é esta, algo totalmente necesario para poder contrastar o seu contido.
2. Non indica cal é o grado de accesibilidade requirido para o tipo de local público como o que estamos a falar, nin cal é o grado que lle corresponde ás instalacións existentes.
3. Non fala de outras condicións de accesibilidade como é a acústica do local.

O que imos a votar está basado nun informe técnico e un informe da Alcaldía que non se corresponde coa realidade. Entonces estou tratando de poñer as bases de que está mal feito.

O decreto fala de adaptado e practicable e fala de condicions. Por exemplo, o corredor de

Evacuación ten que ser para ser adaptable, ten que ter 1,80 m de ancho ,1,50 m. se só fóra para practicable , e no caso de que fose un corredor normal estamos falando de 1,20 m. para o adaptado e 1m. para practicable e o caso que temos aquí isto non se cumpre porque o paso entre a parede é a varanda é de 0,88 m., non chega nin aos 90 que sería o mínimo para os casos execpcionais.

E por outro lado, os accesos con cambios de dirección tiñan que ter un espazo libre onde puidera xirar unha silla de 1,20 e aquí seguimos a falar de 88 cm. Co cal non é accesible en ningún dos sentidos segundo a normativa técnica en concepto de accesibilidade, outra cousa é que facendo malabarismos se poida chegar coa silla. Pero eso non son condicións para un lugar público que ten que cumplir unhas condicións de seguridade en caso de incendio, etc. E con autonomía das persoas. Entón entendo que se debe corrixir o informe da Alcaldía e tamén o informe técnico por faltar á verdade e tamén que se teñan en conta as acústicas do local de Plenos.

E que se teña en conta a lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, que no artigo 3 di que son finalidades da Lei:

Facilitar o acceso de dereitos e cumprimento de deberes por medios electrónicos que é o que se está a pedir neste caso e

Facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación das barreiras que limiten o devandito acceso.

E No Artigo 4, de p*rincipios xerais.*

Fala de PRINCIPIO DE ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN e di, entroutras cousas, que todas as persoas poidan exercer os seus dereitos en igualdade de condicións, incorporando as características necesarias para garantir a accesibilidade daqueles colectivos que o requiran.

Por último, creo que se debe ter en consideración as reclamacións da ASCM para garantir mediante o regulamento orgánico municipal os dereitos de acceso a información que no se garanten no local e cos sistemas de información actuais. Moitas grazas.

-Sr.alcalde: bueno, antes de votar, o Sr.Alfonso ten unha costume, e eu ofrecerei todo o meu apoio, todo o meu goberno, ao técnico ao que se refire por se quere tomar medidas contra vostede. É grave que un político diga que un técnico falta á verdade. É gravísimo, vostede aquí é político. No seu caso particular, será enxeñeiro de camiños, aquí no. Aquí é político e entonces sempre respectarei, por riba de todo, o que din os informes técnicos.
Se vostede considera que un informe técnico está falseado denuncieo.
E, por favor, o alcalde non fai informes, fai propostas. Eu non fago informes, nin técnicos, nin xurídicos, nin medioambientais. Eu fago propostas,
Polo tanto, e gravísimo, llo dixen xa unha vez e vólvollo a repetir: espero que coordine o que está dicindo. Vostede non ten dereito a poñer en base de xuízo os informes técnicos. Se vostede cré que un informe técnico minte denúncieo e senón cale a boca.
Pasamos a votar a proposta
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES DEPORTIVAS ANO 2015.. -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así:
Despois de ver o informe proposta do Administrador Xerente do Servizo de Deportes do 22/04/2016 relativo á concesión de subvencións aos clubs e entidades deportivas correspondentes ao ano 2015, no que consta o seguinte:
"(…) Unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local a xustificación das subvencións concedidas aos clubs no ano 2014.

Vista e examinadas as solicitudes de subvención dos clubes e entidades deportivas, con arreglo ás bases para a concesión das mesmas para o ano 2015 e unha vez aplicado o baremo aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 19-04-2012 e publicado no BOP o 24 de maio de 2012, e tendo en conta que cumpren co especificado nas bases de concesión, coa excepción do Club Deportivo A Solaina que presenta a documentación fora de prazo.

Visto o Informe-Proposta da avaliación de solicitudes de subvencións de Clubs e Entidades Deportivas presentado á Asemblea Xeral do Padroado de Deportes para a súa aprobación, así como o informe de aplicación do baremo.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Vista a certificación da Asemblea do Padroado de Deportes, onde se aproba a relación de clubs e entidades deportivas e os importes concedidos.(…)"
Tendo en conta toda a documentación que consta no expediente.
Dándose as circunstancias que contempla o artigo 176 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e os artigos 26.2 c) e 60.2 do Real decreto 500/90, do 2 de abril, e conforme ao disposto nas Bases de execución do orzamento do ano 2016, para a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito.
Despois de ver o informe da Intervención municipal do 25/04/2016 (FIS10I02T).
Esta alcaldía, visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 25-04-16, propón ao Concello Pleno, a adopción dos acordos seguintes:
PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito para a concesión das subvencións a clubs e entidades deportivas correspondentes ao ano 2015 por un importe total de 27.319,35 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 10.34100.48001, segundo o detalle que consta no punto seguinte.
SEGUNDO. Conceder as subvencións a clubs e entidades deportivas ao abeiro da convocatoria do ano 2015, ás entidades e polos importes correspondentes que se indican a continuación:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
Club Cazadores a Faísca	G-15625445	2.108,71
Club Amigos da Chave	G-15638935	83,06
Asociación Naron.de Esgrima Antiga	G-70275995	391,78
Club Tiro Olimpico El Castro	G-15200611	3.978,14
Escola de kárate A Gándara	G-15640840	451,91
Pombas Mensaxeiras de Narón	G-15816598	506,24
Moto Club Fojeteiros	G-15998537	901,33
U.C.M. Mariñas Altas	G-15269376	842,47
Círculo Xadrez Narón	G-15227556	483,95
Auto Clásicos Narón	G-70108204	381,74
S.C.R.D.Scalextric Club Ferrolterra	G-15648017	1.632,91
Pikate Racing	G-70139134	965,31
S.D.C.R. Narón Freixo	G-15395791	2.125,51
Sociedad de Caza e Pesca Xuvia	G-15120504	1.098,24
San Mateo Club de Fútbol	G-15251564	3.996,82
Alex Racing	G-70440722	380,43
C.D. Lodairo	G-15551849	849,23
Club Fútbol Sala Narón	G-15453467	3.020,47
Club Narón Tenis de Mesa	G-15208861	1.671,01
MTB Eskornabois	G-70401328	830,74
Ponce Competición	G-70245428	619,35
TOTAL		**27.319,35**

TERCEIRO. Denegar as subvencións as entidades que de seguido se relacionan por presentación da solicitude fóra de prazo:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
Club Deportivo A Solaina	G-15499536	0,00

INTERVENCIÓN
-Sr.López Balado: bien, este grupo tal y como anunciamos en la Junta de Portavoces, vamos a votar a favor, pero sí que queríamos hacer un par de reparos.
Lo primero, bueno, como siempre no nos cansaremos de decir, no estamos de acuerdo con el actual reparto de las ayudas deportivas, no entendemos que se pueda repartir, 330 000 euros en subvenciones a dedo y después en subvenciones establecidas con un criterio y con unas bases, 30 000, que casi todos nosotros, como ya dijimos muchas veces, no estamos de acuerdo con ese reparto. No estamos de acuerdo tampoco con este procedimiento que tenemos aquí porque estamos aprobando todavía las del 2015 y nosotros no compartimos porque como nos decían, había un club

que había incumplido las obligaciones o tuvo un retraso con las obligaciones, no entendemos como es posible que se penalice a todos los demás grupos, a todas las demás entidades deportivas o agrupaciones por culpa del club que pueda haber tenido algún retraso en el tema de las subvenciones.

Y por último, tampoco entendemos como es posible que si la partida de subvenciones son 30 000, nada más que se repartan 27 000. El otro día nos daban una media explicación porque nos venían a decir que ya se estaba dando a los clubes deportivos la máxima de las subvenciones y que por lo tanto, nos llegaba cubrir, pero yo he hablado con alguno de los clubes y tenían gastos y capacidad para subir más subvención, entonces no comprendemos como es posible que se habilite una partida de 30 000 euros y después a efectos prácticos, nada más que se repartan 27 000. No lo comprendemos porque, entre otras cosas, el motivo en el que justificaban ustedes el retraso es que el club no cumplía, decían que era importante porque si un club no cumplía, a lo mejor, el resto de esa subvención se repartía entre el resto de los clubes, entonces si ese criterio se aplica, si hay un club que falla , ¿cómo es posible que si quedan 3000 euros no se repartan al resto de los clubs y se repartan los 30 000 euros que están habilitados en la partida de subvenciones?.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10
PP: A favor 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1 (EU) Abstenciones 1(ENE)

9 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA CUMPLIR INFORME DA VALEDORA DO POBO E APLICAR COMPENSACIÓN NO RECIBO DE COSMA POLOS DÍAS QUE A AUGA NON FOI APTA PARA O CONSUMO.. -Lida pola secretaria substituta a moción que di así: Visto o texto da moción que literalmente transcrita di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Popular presentou unha moción ao pleno de outubro de 2015, na que se instaba ao goberno de Narón a propoñer no Consello de Administración de Cosma unha compensación na facturación aos usuarios, polos días en que os veciños recibiron un auga non apta para o consumo, nos días que durou a chamada "crise do auga".

Debido a esa "crise", recordemos, houbo uns días en que o consumo de auga foi restrinxido o conter valores superiores aos permitidos no nivel de Trihalometanos. O día en que se estableceu a restricción foi o 16 de xullo, que durou ata o 19. Coñeceuse posteriormente, tras a restrición, que os primeiros resultados anómalos databan de mostras tomadas o 29 de xuño.

Con data 11/02/2016 a Valedora do Pobo remitía aos concellos afectados pola mencionada "crise do auga" un escrito no que se lles suxería a eses Concellos *"que no caso de non telo feita xa se determine unha eventual compensación derivada da falta de subministro de auga para consumo durante os días que durou o incidente obxecto das queixas, tal e como xa fixo un dos concellos afectados, e que se faga de forma proporcional aos días que durou o incidente"*.

En base ao exposto, este grupo municipal ven a facer a seguinte **PROPOSTA**

1º.- Instar novamente ao goberno de Narón a propoñer no consello de administración de Cosma, onde ten maioría, que se determine unha compensación derivada da falta de suministro de auga polos días en que os veciños recibiron auga non apta para o consumo.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

2º.- Instar ao goberno de Narón a propoñer no consello de administración de Cosma, do mesmo xeito, que se inicie un procedemento de reclamación contra o Concello de Ferrol, para que lle desconte tamen a parte proporcional onde o auga non foi apta para o consumo.

En Narón, a 23 de marzo de 2016

Asinado: Marcos López Balado
Voceiro Municipal do Partido Popular

E visto o ditame **DESFAVORABLE** por maioría, con 6 votos en contra (4 TEGA+1 BNG+ 1 PSdeG-PSOE), 1 abstención do GRUPO MIXTO (ENE) e 2 votos a favor do PP da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servicios de data 18-04-16 o seu presidente propón ao Concello Pleno a aprobación do ditames nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.López Balado: muchas gracias. Bueno, aunque con retraso, al final vamos a tratar esta moción. Con retraso porque ya vino el mes pasado, que es cuando nosotros habíamos presentado la moción, y se nos bloqueó porque se consideró que era más urgente tratar otros temas como era la guerra civil o la república, cosas que nosotros no compartimos, pero bueno, ya que estamos aquí ahora pues vamos a tratar el tema.

Y el tema es de sobra conocido por todo el mundo. El año pasado hubo la llamada crisis del agua, o unos días en los que el agua no era apta para el consumo y a la gente se le cobró igual en el importe y nosotros no estamos de acuerdo en que a la gente se le cobren cosas que no reúnen los requisitos necesarios para ser consumidos.

Ya tuvimos una moción similar, en el mes de octubre, creo recordar, donde el grupo de gobierno votó en contra y no estuvo de acuerdo con la propuesta que hacemos el Partido Popular. Pero, aquí después apareció la valedora do pobo donde hizo exactamente la misma recomendación que hacía el Partido Popular y nosotros no hablamos con ella para decírselo, o sea, fue una decisión suya. No vaya a pensar que nos vino a consultar a nosotros y la valedora do pobo viene a decir exactamente lo mismo, que a la gente hay que compensarla. La valedora do pobo, al igual que el Partido Popular de Narón, no pusimos ninguna valoración en el informe, el informe que tenemos ahí no pone ninguna valoración. Estamos hablando del reconocimiento de un derecho legítimo de los vecinos o de los usuarios de Cosma.

Las cantidades se discutirán después o las discutirán los técnicos, no las vamos a discutir nosotros, principalmente, pero en el informe, o en la moción, simplemente se trata de reconocer el derecho. Bastó, el otro día medio le tiramos ahí una trampa porque le hicimos una valoración previa nosotros de 44000 euros que podía ser y bastó que diéramos nosotros una valoración de 44 000 euros para que saliera el alcalde y dijera " *no son 44000, son 6000*". Si son 6000, usted también está viendo ahí que hay un derecho de los vecinos porque si usted también lo ve, no se le aplica o no se le reconoce con todas las de la ley a todos los vecinos. Más aún teniendo en cuenta que Cosma es una empresa que dio 90000 euros de beneficios el año pasado, que se acumulan en los remanentes de la empresa, que no se van a destinar a ninguna cosa en concreto, no vamos a poner en peligro la viabilidad de la empresa, a lo mejor tampoco son los 44 000 que decíamos nosotros, a lo mejor son 35 000, no 30 000, lo que sea, pero Cosma tiene capacidad sobrada para cubrir el importe máximo que decíamos nosotros. Sin ningún problema. Y no creo yo, eh, que después aquí de tantas críticas que se le hace al PP de recortes o de defender cuestiones presupuestarias, que ahora, nos vayamos a amparar en la cuenta de resultados de una empresa mixta con capital privado para privar a la gente de reconocerle un servicio y daros cuenta de una cosa, que nosotros solo estamos hablando del valor o del precio del agua. La valedora no solamente dice eso y va más allá. Está hablando de una indemnización por daños y perjuicios. Cuando uno va a coger un avión y el avión se retrasa y a lo mejor sale al día siguiente, al final vuela pero al usuario se le da una indemnización por los daños y perjuicios.

Porque aquí no solamente se trata del agua, dicen ustedes que pusieron el agua a disposición de la gente. Bueno, la gente tendría que coger el coche e ir a buscarla. Y seguro que en gasolina a lo mejor gastaron más que el dinero que les toca ahora por el valor del agua y eso hay que

compensarselo a la gente porque ustedes creen que con una factura de 500 euros de compra de botellas de agua, que ya van a zanjar este asunto. Y digo concretamente este caso, de la factura de 500 euros porque para su desgracia accedimos a esa factura que venía en el expediente del reconocimiento extrajudicial y viene muy clarito porque viene 500 euros, 550 euros en botellas de agua. Y ustedes piensan que van a zanjar la crisis con 550 euros en botellas de agua? Pues no, estamos aquí, somos políticos y a lo mejor la parte nuestra no les afecta la valoración pero sí que estamos aquí para defender los legítimos derechos de los usuarios y de los vecinos de este Ayuntamiento.

-Sr.Abeledo Fernández: empezo polo final, no. Como se pode falar con tanta lixeireza dos recortes, no? Porque os recortes matan, están falando dos recortes e están comparando cos céntimos que se poden devolver co tema da factura da auga cando estamos falando de xente que morreu por non recibir un medicamento contra a hepatite C, non, ata aí chega a hipocresía.
Nós non estamos en contra de que se devolvan eses céntimos, nin moito menos. O que si estamos en contra dende hai moito tempo é dunha obra de saneamento absoleta dende a súa contrucción, unha edar que non estaba a funcionar aínda que pagábamos a depuración todas e todos os veciños desta comarca.
Informes técnicos que din que tanto o mantemento como o gasto enerxético estaría calculado para dar beneficios cando o único beneficio básico que tería que dar á cidadanía é o que revirte nesa mesma cidadanía. Nós estamos en contra deste modelo e estamos por municipalizar este servizo. Vexo tamén que o da moción sobre a reparación aos asesinados durante o golpe de Estado e posterior xenocidio do 26, séguelle escocendo. É lamentable que lle siga escocendo. Porque esa xente segue enterrada nesas fosas comúns e segue nesas cunetas. É lamentable que unha e outra vez, neste pleno, siga recordando que Esquerda Unida presentou unha moción nese sentido.

-Sr.López Balado: hombre Sr.Abeledo, usted tiene poca memoria, eh. En el pasado pleno, nosotros condenamos el golpe de Estado, condenamos los posteriores crímenes. Hombre, no vamos a estar todos los plenos, condenando el franquismo y condenando los asesinatos …. Hombre, en algún momento tendremos que avanzar hacia adelante.
Y después, oiga Sr.alcalde, aquí hay otros momentos donde se dice “oiga, hay que ceñirse al punto” . Aquí ya nos metió el tema de la hepatitis o el tema sanitario que después además hay una moción, con lo cual va a tener la oportunidad, de decir lo que les parezca y aquí nos mete y viene a frivolizar con el tema de los fallecidos ….

-Sr.alcalde: Marcos, xa cortei a intervención.

-Sr. López Balado: después de que hizo la intervención. Le voy a hacer una petición, cuando me toque de hablar a mi, espere a que acabe y luego me corta.
El Sr.Abeledo está un poco despistado con todo esto porque el reconocimiento de un derecho es legítimo y da igual, si en otro sitio, una persona reconoce o no reconoce. El reconocimiento de un derecho, usted tiene la oportunidad de reconocerlo aquí o no, usted vote que sí o vote que no pero no hable de lo que hacen otras administraciones en otro sitio, diga sí o no y lo veo confundido porque está aquí hablando de la edad y Narón todavía no está enganchado en la red de saneamiento. A Narón todavía no nos afecta, si eso que lo defienda los vecinos de Ferrol o que lo defiendan sus representantes de Izquierda Unida en el Ayuntamiento de Ferrol también porque a fin de cuentas, Sr.alcalde, me da que es lo que está pasando aquí por detrás porque una vez que el Ayuntamiento de Narón le reconozca a los vecinos este derecho, si es que lo hace, que es lo que debería de hacer y que nosotros no nos vamos a cansar de pedirlo, el siguiente paso es que Cosma

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

le reclame a Ferrol, porque es Ferrol quien le subministra el agua a Narón y entonces yo lo que veo es que ahora vamos a ser más permisivos con el Ayuntamiento de Ferrol porque ahora ya no gobierna el Partido Popular en Ferrol. Antes gobernaba el PP, había que pelearse con él en todos los pleitos judiciales (pleitos que se perdieron todos) y ahora que tenemos todas las de la ley y que en realidad Cosma no tiene que sufrir ningún perjuicio económico, pues ahora, no ejercemos nuestras funciones en defensa de los vecinos de Narón. Entoces, bueno, mantenemos nuestra posición.

-Sra.Ferreiro Díaz: moitas grazas. Boas tardes a todos/as.
O grupo de goberno vai a votar en contra desta moción como xa fixemos en outubro de 2015, e imos a manter a mesma postura.
Con respecto a varias aportacións que facía do grupo municipal do Partido Popular, realmente non votamos a urxencia porque como lle explicamos, estabamos esperando a ver se viña o informe da valedora porque veu un informe inicial e dende o Concello de Narón se presentaron unhas alegacións, entonces estabamos esperando a ver se viña o definitivo. Por eso, non lle votamos a urxencia nese sentido. Non é que fóra máis ou menos importante ca outra moción. Era nese sentido. Como non veu e vostedes insisten en presentala neste Pleno pois a tratamos neste Pleno.
Cando falan dos 6000 euros…. 6000 euros sería como xa lle aclaramos no seu momento, se houbese un corte total de suministro, pero é que non o houbo, é dicir, houbo unha restricción de auga para o consumo humano en 2 días, que non temos valorado canto serían esas cantidades porque non o podemos valorar e cando fala dos 500 euros da auga que puxo o concello, sobrou auga, é dicir, se lle puxo auga para os veciños e sobrou que se levou ao centro de recursos. Co cal esa cantidade de 500 euros foi máis que suficiente para as necesidades nese momento dos veciños de Narón. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr. Casal Pita: grazas. Bueno, nós cremos que é unha medida razoable esperar a resposta da valedora do pobo para ver que di respecto ás alegacións do concello e, entonces, por iso imos a absternos.

-Sr.López Balado: yo dejaría de usar la excusa de si vino o no vino la contestación de la valedora. La valedora ya mandó un escrito, que tenemos aquí algún criterio? A la segunda, va la vencida o a la tercera, va la vencida. ¿ Hay algún momento en que va a valer lo que diga la valedora?. La valedora instó a todos los Concellos, a todos los que no lo hubieran hecho, a compensar a los vecinos porque hay ayuntamientos que ya lo hicieron, hablo de Ferrol, por ejemplo, el ayuntamiento de Ferrol ya compensó a sus vecinos.
Y los ayuntamientos de Ares, Mugardos y Fene acaban de enviar un escrito también entre los tres para proceder a hacer lo que decía la valedora. El único que está descolgado y sigue sin reconocerlo es el Ayuntamiento de Naron y ojo, a mi lo que más me sorprende, es incluso la posición de otros miembros que están también en la oposición en el Ayuntamiento de Narón, porque la labor nuestra es la de fiscalizar la del grupo de gobierno. Estaba reconocido por todas las partes que aquí hubo una deficiencia en el subministro, porque se subministró un agua y yo no entiendo que alguien no tenga a estas alturas claro que a la gente hay que reconocerle el derecho. Luego vendrán los técnicos y dirán que es lo que hay que darles y que es lo que hay que valorar (el otro día decía usted que sí) pero ahora parece que no está valorado y, ustedes, aún no entendieron de qué va la historia y usted aún no entendió porque sobraba porque ustedes pusieron auga en 2 pabellones pero habrá mucha gente que no quería desplazarse hasta el pabellón de Campo da Serra, iría al supermercado que tendría más cerca y pagó el agua y es injusto que la gente tenga que pagar su gasolina por un agua que en realidad ya estaba pagando. Es injusto. Y aquí estamos para defender y reconocer los derechos de los vecinos.

-Sr.Casal Pita: por alusións. Ao mellor, o Sr.Marcos, non entende a nosa posición. Eu creo que chegado o momento que esto se levou a outras instancias, veu unha carta da valedora ao Concello,

e como é o seu dereito, alegou ao que a valedora do pobo dixo e, eu entendo, que é razoable e que é democrático e que é incluso algo de dereito no, entonces, eu creo que, cando algo está nas instancias superiores pois podemos esperar un pouquiño a ter toda a información e todas as contestacións e, con iso, non estou dicindo que non creo que haxa que, digamos, pagarlle aos veciños e devolverlle cartos aos veciños.
Si é ben ter toda a información para obrar en consecuencia con todas as información que imos a ter porque, aínda que non se lle pague este mes aos veciños e se lle pague dentro de 2 meses, como é unha cantidade moi pequena, non vai a ter ningunha consecuencia para estes.

-Sra.Ferreiro Díaz: só unha aclaración. A ver, o reparto de auga estivo coordinado cos Servizos Sociais, é dicir, as traballadoras sociais puxéronse en contacto coa xente e a xente que non puido acceder ao sitio onde se puxo a disposición a auga, se lle levaba á casa. Nada máis.

-Sr.López Balado: los Servicios Sociales se pusieron en contacto con la gente? Con los 19.000 usuarios de Cosma? A mi, a mi casa no me llamó nadie para decirme si quería agua. Con quién se puso en contacto los Servicios Sociales, solamente con los que tenían problemas de emergencia social? .
Yo les voy a decir una cosa más en respuesta a lo que decía el Sr.Casal. Yo, en la moción, no decimos ni cuándo hay que pagar esto, ni siquiera como hay que hacerlo, Solamente estamos hablando de reconocer el derecho. Después, a lo mejor igual, se hace dentro de 3 meses o se hace dentro de 4 o incluso, dimos aquí una alternativa. Porque el Sr.Abeledo parece muy preocupado por las obras. El otro día comentamos la posibilidad de hacer, a lo mejor, una obra, de reconocido interés público. Una obra pues que tenga que ver por ejemplo, con algún tema de saneamiento o de subministro de agua, algo que tenga que ver con la función que está cumpliendo Cosma, es otra posibilidad y si a lo mejor hay otro servicio que es deficiente pues a lo mejor podemos destinar ese dinero, pero lo que está claro es que a la gente hay que reconocerle un derecho. Y no vale la excusa de decir, es que es poco, es que ahora no toca, que estamos esperando a la valedora o… esas excusas no valen, aquí se trata de reconocer el derecho sí o no, y el que vote que no le está negando un legítimo derecho a los vecinos, no hay más explicación.

-Sr.alcalde: está debatido. Cada un interpreta á súa maneira, non vou a entrar polo tanto. Un expediente se pecha cando o que o abre pecha o expediente e neste momento, o expediente non está pechado, polo tanto, hay que esperar. Eso entendemos.
Os dereitos, non vale dicir que cando interesa o recoñecemos nosoutros ou cando interesa o recoñece o xulgado ou o recoñece a valedora, ou sexa, hai que xogar sempre coa mesma baralla. Neste momento hai un expediente aberto pola valedora do pobo donde nosoutros presentamos alegacións e estamos á espera de que conteste. Tan sinxelo como eso. Polo tanto, que alguen quere darlle voltas e volver despois? Non hai problema, para eso estamos, para debatir, que temos moito tempo. Pasamos a votar a moción.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o **DITAME DESFAVORABLE** da moción transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: Abstencións 2

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

10 º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (ENE) INSTANDO AO GOBERNO A HABILITAR BEIRARRÚAS OU ZONAS RESERVADAS AO PASO DE PEÓNS NAS "PONTES SOBRE DO COUTO SOBRE AP-9 E FE-11.. -Lida pola secretaria substituta a moción que di así: A organización política Eliximos Narón Electores, pertencente o Grupo Mixto Municipal de Narón, en base ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A ponte da rúa Cornido sobre a AP-9 e a ponte da rúa Cenzo sobre a FE-11 son pontes que carecen dunha zona de paso peonil e, a pesar de ter un maior ancho que as rúas as que dan servizo, caracterízanse por non ter unha zona de resgardo para os peóns, nin posible escape da rúa, polo que encóntranse desamparados ante o paso dos vehículos. Por outra parte, estas pontes presentan cambios de rasante polo que os vehículos non ven os peóns ata estar próximos a eles e tampouco saben en que beira os poden encontrar.

Estas características dan unha sensación de inseguridade aos peóns polo que están a reclamar que se adopte algunha medida como pode ser a habilitación dunha beirarrúa en polo menos un dos lados das pontes, é/ou a creación dunha plataforma anexa supletoria para albergar a beirarrúa.

Por todo elo a coalición Eliximos Narón Electores solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal a habilitación dunha beirarrúa en polo menos un dos lados das pontes das rúas Cornido sobre a AP-9 e Cenzo sobre a FE-11.

Narón, a 28 de marzo de 2016
Alfonso Casal Pita
D.N.I.: 32640748E

E visto o ditame **DESFAVORABLE**, por maioría, con 6 votos en contra (4 TEGA+1 BNG+ 1 PSdeG-PSOE), 2 abstencións do PP e 1 voto a favor do Grupo Mixto (ENE) da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servicios de data 18-04-16 o seu presidente propón ao Concello Pleno a aprobación do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Casal Pita: aínda que somos conscientes de que o resto das vías están carentes de beirarrúas, a presenza de cambios de rasante e, a imposibilidade de escapar polas beiras no interior das pontes, fíxonos considerar a petición dalgúns veciños de que se reservase polo menos nun lado parte do paso para os peóns, dándolles unha certa seguridade.

Entendemos que é unha medida moi razoable e que non ten un custo moi elevado.

Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o **DITAME DESFAVORABLE** da moción transcrita:

TEGA: A favor 10
PP: Abstencións 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: En contra 2

11 º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO MUNICIPAL (ENE) INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REALIZAR ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE FINANCIACIÓN POR FONDOS JESSICA-FIDAE.. -Lida polo secretaria substituta a moción que di así: A organización política Eliximos Narón Electores, pertencente o Grupo Mixto Municipal de Narón, en base ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- FINANCIACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

O Fondo de Carteira JESSICA - F.I.D.A.E. (Fondo de Investimento en Diversificación e Aforro de Enerxía) é un fondo dotado con preto de 123 Mn€ que ten como propósito financiar proxectos de desenvolvemento urbano sustentable que melloren a eficiencia enerxética, utilicen as enerxías renovables e que sexan desenvolvidos por administracións públicas, empresas de servizos enerxéticos (ESEs) ou outras empresas privadas.

Trátase dun Fondo cofinanciado por FEDER e IDAE e operado polo Banco Europeo de Investimentos (BEI), que, á súa vez, canalízaos a Fondos de Desenvolvemento Urbano (FDUs) para financiar investimentos directamente relacionados co aumento da eficiencia enerxética e a utilización de enerxías renovables en contornas urbanas e é compatible con outras fontes de financiamento públicas ou privadas, así como con subvencións cofinanciadas ou non polo FEDER.

Devanditos fondos, deberán facilitar o financiamento a proxectos nos territorios dos 10 Programas Operativos rexionais para as Comunidades Autónomas de: Andalucía, Castela A Mancha, Estremadura, Galicia, Rexión de Murcia, Ceuta, Melilla, Canarias, Castela e León e Comunidade Valenciana.

Un proxecto será escollible, e poderá optar ao financiamento do FDU, se cumpre os seguintes requisitos:

1. Estar situado nunha contorna urbana nalgún dos territorios dos 10 Programas Operativos que cobre o F.I.D.A.E (arriba citados).
2. Ser un proxecto de EE/ER (Eficiencia Enerxética / Enerxías Renovables) incluído nalgún dos temas prioritarios.
3. Pertencer a algún dos sectores mencionados para o efecto. Para o caso do concello de Narón consideramos de interese: Edificios públicos (incluída vivenda social), e Iluminación pública exterior.
4. Ser beneficiario do financiamento unha Entidade Pública, unha Empresa de Servizos Enerxéticos (ESE), unha Entidade Privada ou unha Entidade Público - Privada “PPP”.
5. Estar incluídos ou responder os obxectivos dun Plan Integrado de Desenvolvemento Urbano Sustentable (PIDUS).
6. Non haberse xa completado o proxecto.

Na actualizade queda un prazo de dous meses para poder solicitar as axudas deste fondo e quedan dispoñibles para Galicia cerca de 22 Mn€.

Existen firmas como GED Capital (firma independente de Capital Risco) que co seu programa de investimento GED JESSICA F.I.D.A.E. pode achegar fondos a proxectos arriba citados mediante, entre outros (entre outros) financiamento convencional: outorgamento de préstamos que poden cubrir ata o 100% do investimento para entidades públicas e o 70% do investimento nas privadas coas seguintes condicións xerais :

- Prazo: ata un máximo de 15 anos.
- Tipo de interese: 0% para entidades públicas e Euribor + diferencial función do proxecto nas privadas.
- Desembolso: ao mesmo tempo ou posterior ás achegas do promotor.
- Carencia de principal: por un período máximo de 36 meses desde a primeira disposición.
- Garantías: a definir en función do proxecto.
- Información adicional: Os promotores están obrigados a achegar a información necesaria para cumprir cos requisitos

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

2.- ACTUACIÓNS PREVISTAS.

Actualmente, o concello de Narón ten prevista unha renovación do alumeado público dentro do PAS 2015:

- Melloras de eficiencia enerxética na iluminación pública das Vivendas da Mariña e no seu contorno, cun orzamento de 184.999,2 €.
- Mellora de eficiencia enerxética na iluminación publica das Vivendas do Bispo, rúa Concepción Arenal e rúa Bispo Argaia, cun orzamento de 114.998,40 €.

Por outra parte, na Estratexia de Desenrolo Urbano Sostible Integrado "Ría de Ferrol Cidade 2020" contemplase as liñas:

- LA 5. Mejora de la eficiencia lumínica en vías y edificios públicos: R-I-A (Ría de Ferrol Ilumina & Aforra) , cun orzamento de 425.000 € **para os dous concellos**.
- LA 8. Mellora da eficiencia enerxética de edificios e vivendas de titularidade pública, con especial atención a barrios históricos e desfavorecidos, cun orzamento de 2.889.500 € **para os dous concellos**.

Respecto da iluminación di:

> *"As auditorías realizadas polo IDEA en colaboración do Comité Español de Iluminación sobre estas instalacións, permitiron poñer de manifesto o elevado potencial de aforro no consumo eléctrico que teñen este tipo de instalacións, da orde do 45%, pola actuación sobre os elevados niveis de iluminación existentes, máxime en altas horas da noite; sobre a calidade das luminarias e a redución da súa emisión de luz cara a outros espazos alleos ao obxecto da iluminación (contaminación luminosa) e sobre a regulación e control de acesos e apagados, especialmente en contorna urbanos dispersos, como é o caso de Narón."*

Polo momento están pendentes de aprobación as axudas para esta Estratexia DUSI, pero que baséanse nunha cofinanciación no que o concello debe aportar o 50% das inversións.

Resulta evidente que 425.000 euros para o alumeado exterior, a repartir entre os dous concellos, supón que a Narón lle correspondería una actuación semellante a planificada no PAS para as Vivendas da Mariña e contorno, e polo tanto aínda queda moito alumeado que renovar.

3.- VANTAXES DA RENOVACIÓN DO ALUMEADO.

A iluminación de uso publico pode representar ata un 60% do custo de enerxía eléctrica dun municipio (o 52% no caso de Narón), sendo a iluminación das rúas a maior fonte de custo.

No campo da iluminación urbana, as solucións baseadas en tecnoloxía SSL (Solid State Lighting), e especialmente o LED (Light Emitting Diode) de alta potencia, son capaces de proporcionar un aforro enerxético de ata un 60% sobre lámpadas tradicionais de vapor de mercurio e, nalgúns casos, de ata un 20% sobre lámpadas de sodio de alta presión (VSAP).

Cando se combina con sistemas de xestión de luz intelixente, a tecnoloxía SSL pode situar o aforro no 65% (**o que podía ser uns 445.000 euros/ano para Narón**), cunha pinza entre o 51 e o 82% segundo as tecnoloxías implantadas na reforma, e reducir considerablemente os custos de mantemento en comparación coas outras tecnoloxías.

Factores impulsores da tecnoloxía SSL en cidades:

- Necesidade de redución de custos en iluminación.
- Importante aforro de enerxía (ata un 70%) e aumento da vida útil da luminaria.
- Mellor calidade de luz e menor contaminación lumínica.
- Funcionalidade e creatividade na iluminación.
- Mellora de seguridade nas rúas.
- O incremento das accións urbanizadoras requirirá maiores niveis de sustentabilidade.
- O concepto de redes de iluminación formase parte integral das Smart-City.

Calquera caso de negocio de tecnoloxía SSL debería incluír a análise dos beneficios sociais:

- Mellora da seguridade.

- Aspectos estéticos ou culturais.
- Melloras nas contornas de traballo, académicos e sanitarios.
- Cambio na percepción dos cidadáns da súa contorna vital.
- Atracción de mais turistas á cidade e visitantes para o comercio local.

Existen outras vantaxes na renovación do alumeado son:

- Redución das perdas eléctricas no cableado (en moitos casos de sección moi escasa) ao reducirse as intensidades eléctricas soportadas, como consecuencia da redución do consumo.
- Eliminación de posibles fallos no illamento das luminarias ao substituílas.
- Redución do mantemento ao ser novas as luminarias. O aforro deste mantemento pode ser importante, pois no caso de Narón sitúase cerca dos **127.000 euros/ano**.

Segundo os datos publicados polo IDAE, **o custo medio do investimento total sitúase en 331 €/PL**, cunha pinza entre os 224 €/PL dun municipio cunhas instalacións orixinais en bo estado (e que mantén Vapor de Sodio) e os 641 €/PL dun municipio fóra de norma e regulamento, e que ademais se transforma a LED.

Actualmente, na maioría dos casos o retorno da inversión da renovación do alumeado sitúase entre os 3 e os 9 anos, polo que para a financiación JESSICA - F.I.D.A.E. teríamos:

Capital (€)	1.000		Carencia (anos) = 3			Interes = 0%			Plazo amortización			15						
Ano	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
Aforro (€)	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7	166,7
Amortización				66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7
Totales (€)	166,7	166,7	166,7	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Balance aos 15 anos (€) =			2.000,0			Retorno da inversión por aforro (anos)						6						
Ano	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
Aforro (€)	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1	111,1
Amortización				66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7
Totales (€)	111,1	111,1	111,1	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4	44,4
Balance aos 15 anos (€) =			1.000,0			Retorno da inversión por aforro (anos)						9						
Ano	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
Aforro (€)	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7
Amortización				66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7	66,7
Totales (€)	66,7	66,7	66,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Balance aos 15 anos (€) =			200,0			Retorno da inversión por aforro (anos)						15						

E dicir, que por cada 1.000 euros invertidos na renovación do alumeado teríamos uns aforros que irían dende os 2.000 euros **(o 200% da inversión)**, para un período de retorno de 6 anos, os 200 euros **(o 20% da inversión)** para un período de retorno de 15 anos.

3.- Resumen da exposición.

As actuacións do concello en eficiencia enerxética leva á:

- Sustentabilidade ambiental: Pola diminución de consumo enerxético, redución de emisións e diminución no uso de combustibles fósiles.
- Sustentabilidade económica: Optimizando os recursos económicos do concello.
- Sustentabilidade social: Promocionando e exemplarizando actuacións neste ámbito a toda a sociedade.

Aínda que, por falta de datos ao respecto, non se cuantificou as vantaxes obtidas por outras actuación en materia de eficiencia enerxética que as de renovación do alumeado exterior, as experiencias de outros

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

concellos indícanos que as actuacións na mellora da eficiencia enerxética de edificios públicos resulta tamén moi rendible para as arcas municipais.

Polo arriba exposto, podemos resumir que hai financiamento dispoñible e as inversións son totalmente sustentables en todos os aspectos.

Por todo elo a coalición Eliximos Narón Electores solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal a facer os trámites necesarios para poñer en marcha actuacións de eficiencia enerxética sobre o alumeado e os edificios públicos.

Narón, a 18 de abril de 2016
Alfonso Casal Pita
D.N.I.: 32640748E

E visto o ditame **DESFAVORABLE**, por maioría, con 6 votos en contra (4 TEGA+1 PSdeG-PSOE+ 1 BNG), e 3 votos a favor (2 PP+ 1 GRUPO MIXTO) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas , de data 21-04-16, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Casal Pita: O Concello de Narón podería acceder a estes fondos para proxectos de eficiencia enerxética nos edificios públicos e iluminación pública exterior, pero o prazo cerra a principios de xullo. A axuda consiste en préstamos que poden cubrir ata o 100% do investimento a un tipo de interese do 0%, carencia de ata 36 meses e a devolver nun prazo máximo de 15 años.

No campo da iluminación urbana, as solucións baseadas en tecnoloxía de luz de estado sólido, especialmente o LED de alta potencia, cando se combina con sistemas de xestión de luz intelixente, pode situar o aforro entre o 51 e o 82%, segundo as tecnoloxías implantadas; así que, cun aforro do 65% sobre o total do gasto en alumeado exterior público do concello podería supoñer uns 445.000 euros/ano de aforro para Narón.

Ademais de aforro temos entre outras vantaxes, como é, unha mellora da calidade da luz e, por tanto, mellora da seguridade nas rúas, redución da contaminación lumínica, integración nas redes de Smart-City.

Existen outras vantaxes indirectas da renovación do alumeado son:

- Redución das perdas eléctricas no cableado como consecuencia da redución do consumo.
- Eliminación de posibles fallos no illamento das luminarias ao substituílas.
- Redución do mantemento, que actualmente en Narón sitúase nos 127.000 euros/ano, ao ser novas as luminarias.

Actualmente, na maioría dos casos o retorno da inversión da renovación do alumeado sitúase entre os 3 e os 9 anos, polo que para a financiación JESSICA - F.I.D.A.E. teríamos que por cada 1.000 euros invertidos na renovación do alumeado teríamos uns aforros, logo de amortizar a inversión, que irían dende os 2.000 euros (o 200% da inversión) para un período de retorno de 6 anos, aos 1.000 euros (o 100% da inversión) para un período de retorno de 9 anos.

As actuacións do concello en eficiencia enerxética levan a outros temas non menores, ademais de mellorar a sustentabilidade económica do mesmo concello, como a mellora da

- Sustentabilidade ambiental: Pola diminución de consumo enerxético, redución de emisións e diminución no uso de combustibles fósiles, e redución da contaminación lumínica.

- Sustentabilidade social: Promocionando e exemplarizando actuacións neste ámbito a toda a sociedade.

Por outro lado, as experiencias de outros concellos indícanos que as actuacións na mellora da eficiencia enerxética de edificios públicos resulta tamén moi rendible para as arcas municipais.

Polo arriba exposto, podemos resumir que hai financiamento dispoñible e as inversións son totalmente sustentables en todos os aspectos. Moitas grazas.

-Sra.Ferreiro Díaz: dende o grupo de goberno estamos de acordo con moitas partes da mocíón e evidentemente estamos de acordo coas vantaxes da renovación do alumeado, tanto é así que nos recolle parte das actuacións que estamos levando a cabo dende o concello e recolle que estamos levando a cabo medidas de aforro enerxético a través do PAS, a través do DUSI, que podemos dicir que case é a maneira pioneira, se presentan dous concellos a estas subvencións pero se obvian unha parte delas que vamos dende os remanentes que imos a invertir tamén 260 000 euros en cambiar todo do LED que sería na Solaina, tamén se obvia as inversións que se fixeron en Campo da Serra, que tamén se cambiou todo a LED pero co que non estamos de acordo é coa financiación, é dicir, nós apostamos máis por ir a unha liña de subvencións non a un crédito para este punto. Por eso, imos a votar en contra.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o **DITAME DESFAVORABLE** da moción transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: En contra 2

12 º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO MUNICIPAL (ENE) PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á ELABORACIÓN DUN PLAN DE OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA.. -Lida polo secretaria substituta a moción que di así: A organización política Eliximos Narón Electores, pertencente o Grupo Mixto Municipal de Narón, en base ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un Plan de Optimización Enerxética municipal (en diante POE), constitúe o punto de partida para a correcta planificación de actuacións en aforro enerxético e implantación de enerxías renovables nun municipio. Basicamente, as fases das que consta un POE son:

1. **Inventario enerxético das instalacións municipais.**

   Supón a primeira actuación a realizar e baséase na identificación da situación enerxética actual do concello mediante a inspección in situ das instalacións, a toma de medidas e a recompilación de información enerxética.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

2. **Optimización da factura eléctrica.**

   Os aforros que se poden conseguir coa contratación enerxética poden chegar a ser considerables. A liberalización do mercado da electricidade supón oportunidades de redución na factura eléctrica, pero tamén pode levar a situacións non sustentables de recargas asociadas aos consumos eléctricos das instalacións municipais sen unha adecuada xestión.

   Nesta fase, e a partir das facturas enerxéticas obtidas na fase anterior, procédese a buscar entre as empresas comercializadoras a mellor oferta para os consumos eléctricos municipais.

3. **Diagnóstico enerxético das instalacións de iluminación pública e equipos de regulación de tráfico.**

   Existe un gran potencial de aforro enerxético e económico mediante a incorporación de lámpadas de maior eficiencia, estabilizadores reguladores de tensión e interruptores horarios e fotoeléctricos, entre outros. Os aforros cuantificados por estes conceptos pódense situar arredor do 45% do consumo enerxético actual.

   Nesta fase, analízanse as diferentes alternativas implantables nas instalacións de iluminación pública e equipos de regulación de tráfico coas que se conseguen importantes aforros económicos e enerxéticos.

4. **Diagnóstico enerxético en edificios públicos.**

   O emprego de recursos enerxéticos propios e menos contaminantes como a enerxía solar ou a biomasa, a redución do consumo enerxético por mellora do illamento térmico dos edificios, o mellor uso das instalacións, e o emprego de equipos máis eficientes enerxéticamente, son alternativas que permiten satisfacer a demanda de confort no interior dos recintos sen que isto supoña un incremento do gasto enerxético dos edificios. O potencial de aforro existente nos edificios municipais supera na maioría dos casos o 30% do seu gasto enerxético actual.

   Nesta fase realízanse estudos específicos nos edificios municipais máis significativos enerxéticamente falando, dos que se derivan as medidas de aforro enerxético e económico a levar a cabo nos mesmos.

5. **Plan de actuación.**

   Unha vez analizadas as medidas de aforro enerxético, estas deberán ser clasificadas en orde, segundo a súa rendibilidade económica, enerxética ou ambiental. Desta forma iranse acometendo as medidas de aforro de maior a menor rendibilidade, segundo quedan reflectidas no Plan de actuación proposto.

Na seguinte gráfica represéntanse as diferentes fases asociadas a un POE:



Na actualidade existe un convenio coa Fundación FAEPAC (Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña), dependente da Deputación da Coruña, sobre temas enerxéticos, polo cal se está a pagar uns 15.000 euros ao ano, sendo os compromisos recollidos no convenio os seguintes:

1. Realizar unha análise enerxética preliminar das instalacións e dependencias municipais. O obxectivo desta análise é establecer o escenario de partida para a definición dos campos de actuación prioritarios de acordo ao seu nivel de consumo, replicabilidade e transferencia de resultados, antigüidade do equipamento, posibilidade de diversificación enerxética, etc. As fases básicas nas que se desenvolverá a análise, son as que se expoñen a continuación:
   - Recompilación de información xeral. Gravado de datos de facturación, e análise dos mesmos
   - Verificación da información recompilada, contrastado de datos en campo.
   - Clasificación de instalacións de alumado e dependencias.
   - Definición de campos de actuacións prioritarias.
2. Prestar asesoramento técnico nas actuacións a desenvolver polo Concello de Narón en materia enerxética. Saliéntanse os seguintes campos específicos, non sendo estes limitativos das actividades a desenvolver:
   - Seguimento .e control dos consumos enerxéticos das instalacións en servizos públicos municipais, tanto de electricidade como de auga quente e calefacción.
3. Elaborar informes específicos sobre proxectos promovidos polo Concello, ou que vaian a ser recibidos por este para a súa explotación, en relación coas instalacións enerxéticas e as posibilidades que, a nivel de proxecto sexan susceptibles de mellorar a eficiencia.
4. Informar sobre as modificacións lexislativas e tarifarías que afecten aos subministres enerxéticos, do seu impacto, e no seu caso, das medidas máis axeitadas para reducir a súa incidencia.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

5. Informar sobre os novos materiais, produtos, sistemas e servizos susceptibles de ser implantados nas instalacións municipais que permitan acadar reducións das emisións asociadas ao consumo de enerxía.
6. Informar sobre as convocatorias de axudas públicas en materia de aforro e enerxética e enerxías renovables sexan convocadas polas administracións públicas, así como da súa aplicabilidade; no seu caso, tamén a elaboración das correspondentes memorias técnicas para a súa solicitude.
7. Colaborar na redacción e implantación de ordenanzas municipais que fomenten o uso racional da enerxía ou da implantación de fontes de orixe renovable.
8. En xeral, calquera outra que acorde a Comisión de Seguimento.

Dado que a FAEPAC xa debe ter feito o Inventario de Instalacións Enerxéticas (SIG), xa que fixo unha análise enerxética preliminar das instalacións e dependencias municipais (punto primeiro dos compromisos) e un análises de optimización da factura eléctrica (no 2013 o 2014), non debería ser difícil completar os restantes diagnósticos e informar sobre axudas ás inversións de forma que o Goberno e técnicos municipais poidan elaborar o Plan de Optimización Enerxética municipal.

Por todo elo a coalición Eliximos Narón Electores solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal á elaboración dun Plan de Optimización Enerxética municipal que recolla un plan de actuación enerxética a medio prazo (catro ou cinco anos).

Narón, a 18 de abril de 2016
Alfonso Casal Pita
D.N.I.: 32640748E

E visto o ditame **DESFAVORABLE**, por maioría, con 6 votos en contra (4 TEGA+1 PSdeG-PSOE+ 1 BNG), e 3 votos a favor (2 PP+ 1 GRUPO MIXTO) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas , de data 21-04-16, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Casal Pita: Un Plan de Optimización Enerxética municipal, tamén chamado POE, constitúe o punto de partida para a correcta planificación de actuacións en aforro enerxético e implantación de enerxías renovables nun municipio. Basicamente, consta de catro fases:

1. Inventario enerxético das instalacións municipais.
2. Diagnóstico enerxético realizado en tres frontes:
    a. Optimización da factura eléctrica.
    b. Diagnóstico das instalacións de iluminación pública e equipos de regulación de tráfico.
    c. Diagnóstico enerxético en edificios públicos.
3. Determinación das axudas as instalacións dispoñibles.
4. Elaboración dun plan de actuación.

Unha vez analizadas as medidas de aforro enerxético, estas deberán ser clasificadas en orde, segundo a súa rendibilidade económica, enerxética ou ambiental. Desta forma iranse acometendo as medidas de aforro de maior a menor rendibilidade, segundo quedan reflectidas no Plan de actuación proposto, aínda que o Plan debe ser revisado periodicamente en función das novas axudas ou dos cambios nos prezos da enerxía.

Na actualidade existe un convenio coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, polo cal se está a pagar uns 15.000 euros ao ano, e, dado que a Fundación xa debe ter feito o Inventario de Instalacións Enerxéticas, e xa que fixo unha análise enerxética preliminar das instalacións e dependencias municipais (punto primeiro dos compromisos) e un análises de optimización da factura eléctrica (no 2013 o 2014), non debería ser difícil completar os restantes diagnósticos e informar sobre axudas ás inversións de forma que o Goberno e técnicos municipais poidan elaborar o Plan de Optimización Enerxética municipal.

O problema para levar a cabo o POE vémolo en si realmente vostedes teñen a vontade política e queren comprometerse co aforro enerxético e a sustentabilidade.

Vostedes falan de chegar a acordos coa oposición en temas de interese para todos os naroneses, e este o é, polo que teñen a ocasión de demostralo. Grazas.

-Sr.Sánchez Fojo: nós imos a votar a esta moción e vou a dicir que vostede sabe que temos unha axencia que se chama FAEPAC que está traballando nesto. Vostede sabe que un plan non se acaba hoxe, nin se acaba mañá, estase realizando. Pero vostede tamén sabe que este concello leva moito planificando o aforro enerxético e proba desto, lle poido garantir que antes do día 15 de maio comezarase co aforro enerxético no barrio da Solaina e despois da Gándara. Entón sabe que se meteron probablemente máis que 350 000 euros para este plan o que non me parece lóxico que diga que nos ven como lle pete en gana.

E por eso lle digo. Mire vostede que cando foi do orzamento e cando foi do PAS aprobaronse e metéronse aí os cartos. Ou sexa, que por favor, teña en conta eso.

-Sr.López Balado: estas 2 mociones, yo creo que fue de las 2 mejores mociones que presentó el grupo de Eliximos, en este Pleno, y la verdad es que a nosotros nos parecen de gran utilidad y ya no debería hacer falta presentar una moción porque la mayoría de las cosas que se ponen aquí ya es obligatorio que las hagan las administraciones.

En los acuerdos que se pide en esta moción dicen: “Instar ao goberno municipal á elaboración dun Plan …..

Un plan es lo que hace falta. Yo ahora mismo puedo hacer un diagnóstico con esa Fundación o esa agencia que hay ahora, pero no hay un plan. Aquí constantemente estamos viendo que en esta materia, se está improvisando. Entonces ahora, de repente, por cuestiones electorales, hay una zona que interesa iluminarla mejor para que la gente diga “oye, que ya están cambiando las luces” . Y eso es lo que se está haciendo, pero no hay de verdad un plan y mucho menos un plan sobre los edificios públicos.

Puede haberse hecho alguna actuación sobre este ayuntamiento pero hay muchos edificios públicos y la verdad, que lo que se está pidiendo aquí es más que razonable y me sorprende que el grupo de Terra Galega ahora vaya a votar que no cuando en el anterior punto dijeron que estaban de acuerdo y lo que no estaban de acuerdo era con la financiación, que no queríais ir a este tipo de préstamos si no a un tipo de subvención pero en esta segundo punto lo que está pidiendo el grupo de Eliximos es elaborar un plan y actuar. No está pidiendo ninguna cosa descabellada. O sea, a mi me parecen excusas de mal pagador.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

-Sr.Casal Pita: si, quixera pedirlle ao Sr.Villamar que respete o turno dos demais porque estar falando e ríndose mentres se fala, eu creo que é unha falta de respecto. Agradeceríallo.

Ben, eu creo que vostedes seguen sen entender o que é un plan, entonces para elaborar un plan, ter unha programación do traballo para que no momento que haxa disponibilidade económica e tal… simplemente é coller e actualizar algúns puntos, algúns temas puntualmente que poidamos acometer a actuación de forma rápida e áxil porque, moitas veces, as axudas e as subvencións veñen con períodos de tempo moi curtos e o que estamos a ver e acontecer é que vostedes están improvisando sempre as obras e as actuacións, prácticamente en todos os casos; son consciente de que se están facendo cousas e na moción xa o recollín, está recollido na moción anterior, está recollido o PAS, está recollido todas as actuacións que están aprobadas e, recoñezo que se están facendo cousas pero o que non é certo é que se esté traballando con anterioridade para que chegado o momento podamos actuar axilmente e, sabendo donde é mellor actuar porque, como recoñecía o Sr.Marcos, os edificios públicos non se evaluaron e hai unha capacidade de aforro enerxético moi importante. Están vostedes a tirar os cartos en aire acondicionado cando moitas veces outros sistemas más pasivos son moitos máis eficientes. En fin, eu non quero entrar neste tema. Entonces, decir que esto é o que estamos propoñendo xa neste tema e, doutros moitos casos, e que teñamos feitos estudios, que sepamos en que ámbito de cousas nos estamos a mover, e donde é mellor invertir, ter programado, ter planificado para que despois vostedes mesmos poidan invertir e incluso se leven os méritos, que a realidade vai a ser beneficiosa para vostedes porque, como nós estamos na oposición, ao final os méritos os levan vostedes sempre. Grazas.

-Sra. Ferreiro Díaz: só unha aclaración. Eu o que dixen antes, en nome do grupo de goberno, é que estamos de acordo co punto 3 das vantaxes da renovación do alumeado. Moitas grazas.

-Sr.alcalde: eu solamente decirlle, que mira que si temos plan, que cando empezaron as axudas empezamos, A Solaina, As Vivendas da Marina, A Gándara…. Nos poderá acusar porque non empezamos por Xuvia, pero que o plan está aí, creo que hai un plan. Outra cousa será ata onde podemos chegar ano a ano con ese plan.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o **DITAME DESFAVORABLE** da moción transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: En contra 2

13 º.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE E GRUPO MIXTO(EU) SOBRE UNIVERSALIZACIÓN DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA PÚBLICA E RECUPERACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SANIDADE.. -Lida pola secretaria substituta a moción que di así: Os **Grupos do PSdeG-PSOE** e **EU** en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base á seguinte:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O ámbito subxectivo do dereito á protección da saúde foi profundamente modificado por este Goberno mediante o Real Decreto-lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

Con esta modificación alterouse unha norma de consenso que se había plasmado, no 2003, no artigo 3 da Lei de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde. Retrocedendo no longo camiño percorrido até entón, volveuse a vincular o dereito á asistencia sanitaria pública gratuíta coa Seguridade Social. Consagra de volta a figura do «asegurado» como suxeito do dereito á protección da saúde. O Real Decreto-lei 16/2012, derrogou tacitamente os preceptos da Lei Xeral de Saúde Pública sobre a extensión da asistencia sanitaria, deixando sen cobertura sanitaria directa aos profesionais e a todos aqueles que non teñan ningún vínculo coa Seguridade Social -e, mesmo, aos descendentes de asegurados maiores de 26 anos-, cuxos ingresos superen un determinado límite que a norma non precisa. Pero o máis grave é a expulsión da cobertura pública sanitaria dos estranxeiros sen permiso de residencia, coas graves consecuencias que implica en termos de saúde individual, saúde colectiva ou saúde pública, ademais do recorte de dereitos que supón e que non respecta principios constitucionais como é o da dignidade da persoa.

Desde o primeiro día, tódolos profesionais sanitarios, partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais rexeitaron esta reforma que altera a vocación de universalidade do noso Sistema Nacional de Saúde. Así mesmo, varias comunidades autónomas rexeitaron excluír aos inmigrantes en situación irregular do acceso ás prestacións sanitarias, recorrendo a reforma ao Tribunal Constitucional, e outras estableceron programas gratuítos de acceso á carteira básica de servizos sanitarios para este colectivo.

Por outra banda, o Goberno de España seguiu recortando neste tempo o dereito á cobertura sanitaria dos españois. Mediante modificacións lexislativas incluídas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, modificouse a cobertura sanitaria dos españois que esgotasen as prestacións do sistema de protección por desemprego, que perderían o seu dereito a asistencia sanitaria no noso país se saen de España por tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo ou formación. A presente iniciativa pretende repoñer a situación xurídica previa á promulgación do Real Decreto-lei citado.

Despois dos anos de aplicación deste sistema de exclusión non se puido acreditar aforro algún para o sistema sanitario, pero si existen acreditados numerosos casos nos que a falta de acceso normalizado á asistencia sanitaria concluíu con persoas que viron agravadas as súas enfermidades, e outras que mesmo perderon a vida tras serlle rexeitada a posibilidade de ser asistidos por un médico. Un balance cruel baseado na imposición, tan inútil como inxusta, que urxe rectificar.

Evidentemente, a recuperación da universalidade do dereito á asistencia sanitaria, sendo o máis importante dos aspectos da política sanitaria que hai que rectificar non é nin moito menos o único. Como noutros ámbitos, o retroceso vivido requirirá da oportuna modificación, primeiro normativa, e posteriormente de xestión, relacionada co reforzo da xestión pública do sistema, a maior coordinación coas Comunidades Autónomas, a converxencia cara a unha carteira común de servizos para toda a cidadanía, así como outras medidas que deberán ser impulsadas polo Goberno e consensuadas polas forzas políticas.

Por todo o exposto o PSdeG-PSOE de Narón, somete para o seu debate e a súa aprobación esta MOCIÓN na que se solicita a Xunta de Galicia a:

Que inste o Goberno de España a derrogar o Real Decreto Lei 16/2012, para restablecer a universalidade da cobertura do Sistema Nacional de Saúde e reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sustentabilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade, gratuíto, con

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

equidade no acceso por parte dos cidadáns, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de ampla descentralización.
Levar estes compromisos ao Consello Interterritorial de Sanidade.
Poñer os recursos e normativa necesarias na Comunidade Autónoma de Galicia para suplir estas carencias e garantir a universalidade do Servizo Público Galego de Saúde.
Dar traslado ao Goberno de España, aos Grupos Parlamentarios no Congreso, no Senado, no Parlamento Europeo, no Parlamento de Galicia e a CEAR e ACNUR España.
Narón, 22 de abril de 2016

Catalina García Blanco	André Abeledo Fernández
DNI: 32653535K	DNI: 32674033A
Voceira do PSdeG-PSOE de Narón	Voceiro de EU de Narón

E visto o ditame FAVORABLE, por maioría, con 5 votos a favor (2 TEGA+1 PSdeG-PSOE+ 1 BNG+ 1 GRUPO MIXTO), e 1 voto en contra do PP da Xunta de Portavoces de data 25-04-16, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Pérez Dopico: muchas gracias Sr.alcalde. Buenas tardes a todos/as.
Un recordatorio: lunes, 28 de abril del año 1986 se aprobaba de manera definitiva en el Congreso de los Diputados la Ley General de Sanidad que sería publicada cuatro días después en el BOE.
Era una Ley promovida e impulsada por el Gobierno del PSOE, pero sobre todo era una Ley promovida y sentida por una mayoría de profesionales sanitarios, de colectivos cívicos y sociales y sindicales. Una Ley que iba a señalar la mayoría de edad del Sistema Público de Salud y que debía modernizar los servicios, actualizar la planta sanitaria y coordinar los dispositivos existentes, entonces dispersos y con escasa relación entre ellos.
La necesidad de invertir en Sanidad para equiparar el nivel de los servicios sanitarios a los existentes de las CCAA y, por tanto, la descentralización del Sistema, la creación de las Áreas de Salud y el intento de sustituir un modelo hospitalocéntrico por otro que diera respuestas más rápidas, ágiles y eficaces a los problemas sanitarios, eran sólo algunos de los retos en una España en la que también se hablaba de la necesidad de prevenir, de participación comunitaria y de la formación de equipos multidisciplinares.
Pero si todo lo dicho era importante, el objetivo esencial de la Ley era aún más relevante: dar cumplimiento a lo recogido en los Artículos 43 y 49 de la Constitución Española, respecto al derecho de los españoles y las españolas a la protección de la salud y a la obligación de los poderes públicos de asumir esta protección y organizar los servicios que han de atenderlas.
Y es que la aprobación de la Ley y la puesta en marcha del Sistema Nacional de Salud supuso la integración en él de millones de personas que, hasta ese momento, sólo contaban con un servicio de “Beneficiencia” para atender a su salud. Se creaba, pues, una Sanidad Pública y Universal.
El camino recorrido desde entonces culminó con la creación de un potente sistema de servicios de atención primaria y especializada, decentralizado, listo para atender a millones de personas garantizándoles una sanidad de primer nivel con equipos en la vanguardia europea y mundial y con una capacidad para la innovación sobradamente demostrada.
La Sanidad pública española desarrolló un modelo que fue seguido, estudiado y replicado en muchos otros países como ejemplo no sólo de servicio de calidad sino como generador de importantes retornos en forma de I+D+I, de empleo y valor añadido. El gasto sanitario ha sido y es, más que gasto, inversión en salud y calidad de vida; inversión en investigación, en productos de calidad, en formación, innovación y excelencia.
No cabe duda, pues, que la conmemoración del 30 aniversario de esta Ley debería ser un momento de celebración y alegría. Una ocasión para evaluar el éxito y planificar futuros objetivos. Sin embargo nada más lejos de la realidad.
Los últimos cuatro años las políticas conservadoras se han cebado especialmente con la Sanidad, con el derecho de los españoles y las españolas a un acceso en igualdad al sistema sanitario. Con la disculpa de la crisis y en nombre de la supuesta austeridad, la descapitalización del Sistema

Público de Salud ha alcanzado a todos los ámbitos y a todos los niveles: reducción sistemática de profesionales sanitarios en los servicios, obligación al copago farmacéutico, eliminación de servicios públicos de cualificación, “ingeniería contable” con las listas de espera, modificación del calendario vacunal con la eliminación de vacunas y negación de algunos tratamientos por criterios eminentemente económicos. Y una de las decisiones que más han dañado el Sistema Público de Salud y que más han desvirtuado el espíritu de la Ley General de Sanidad: la eliminación de su carácter universal; así, una tras otra, distintos colectivos sociales han ido perdiendo su derecho a acceder a la Sanidad Pública: desempleados de larga duración, españoles y españolas que no habían tenido acceso al primer empleo, inmigrantes, aquellos que salen del país por un período superior a los 90 días ….
También en Galicia vivimos estos recortes y sufrimos políticas injustas que han recortado los servicios sanitarios alterando su carácter universal y público.
En estos días que conmemoramos los treinta años de una Ley estratégica para nuestro país y emblemática para nuestra sociedad, desde el Grupo Municipal Socialista queremos reivindicar la vegencia de dicha norma, de su espíritu y de sus objeticos y exigir, de nuevo en esta moción, la recuperación de los derechos sanitarios perdidos durante estos últimos cuatro años.
Por ello presentamos la siguiente MOCIÓN al Pleno para solicitar a la Xunta de Galicia a que inste al Gobierno de España a derogar el Real Decreto 16/2012 para establecer la cobertura del Sistema Nacional de Salud y reformar la Legislación Sanitaria para asegurar la sustentabilidad de un Sistema Sanitario Público, universal, de calidad, gratuíto, con equidad de acceso por parte de los ciudadanos, con una misma cartera básica de servicios para toda la ciudadanía en un marco de amplia descentralización.
Muchas gracias.

-Sr.Abeledo Fernández: unha vez máis o goberno do PP amosa a súa verdadeira cara, a súa total falta de empatía co sufrimento alleo, ao negar a asistencia médica e universal estalle pedindo os médicos que traizoen o seu xuramento Hipocrático, e cando dende o goberno defende esta postura o fan sempre con argumentos Hipócritas.

Fai exactamente catro anos, o 20 de abril de 2012, o Goberno do Partido Popular, actuando pola vía de urxencia e argüíndo a situación de colapso do Sistema Nacional de Saúde (SNS), aprobaba o Real Decreto-Lei 16/2012. Esta disposición, que en ningún caso estivo acompañada dun informe económico que xustificara a súa adopción, supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario.

Por unha banda o Goberno do Partido Popular, reduciu a carteira básica de servizos, diminuíndo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando o mesmo á condición de asegurado/a ou beneficiario/a, excluíndo así, entre outros colectivos, ás persoas en situación administrativa irregular. Os efectos de este RDL foron devastadores sobre a poboación máis vulnerable.

Xa dende o momento da súa aprobación o RDL 16/2012 foi contestado dende algunhas autonomías que rexeitaron a súa aplicación ou favoreceron mecanismos para evitar que as persoas, en situación administrativa irregular, ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, dende o pasado verán, varias destas Comunidades Autónomas aprobaron Decretos, Instrucións e Ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte de estas persoas. Estas medidas, aínda que positivas, non teñen sido suficientes por diversos motivos.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

En primeiro lugar, moitas destas disposicións, ao centrarse exclusivamente no colectivo de persoas migrantes en situación administrativa irregular, non cobren a persoas de nacionalidade comunitaria, ou ás persoas ascendentes regularizadas como consecuencia dun proceso de reagrupamento familiar e que foron igualmente excluídas polo RDL 16/2012 e o RD 1192/2012 que o desenvolve.

Igualmente preocupante, especialmente no contexto actual de crise migratoria, é o caso das persoas solicitantes de asilo e refuxio, a quen, en lugar de recibir a especial protección que a súa situación de vulnerabilidade require, proporcionáselles unicamente unha asistencia sanitaria limitada e condicionada.

Por outra banda, a asimetría derivada da multiplicidade de normas autonómicas provoca accesos desiguais e dereitos diverxentes por parte da poboación en función de onde viva e en todo caso supón o establecemento de sistemas de acceso paralelos "para pobres" e non un sistema de igualdade de dereitos. Queda claro para quen goberna o Partido Popular, para os ricos.

Finalmente, as comunidades autónomas carecen de competencia para reverter a profunda modificación do noso sistema sanitario que supuxo a volta ao modelo de aseguramento e que se sitúa na orixe mesma do problema.

É necesario que impere a cordura e a humanidade fronte as políticas do Partido Popular que converten a saúde nun mercado, non se pode medir a vida humana cos mesmos baremos que se mide unha mercadoría, unha vez máis o neoliberalismo demostra que non da ningún valor a vida das persoas.

Dende Esquerda Unida seguiremos a loitar e traballar por unha sanidade universal, gratuíta e de calidade como parte dos dereitos fundamentais das persoas, porque estamos a falar en definitiva de dereitos humanos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 2

14 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O TRATAMENTO DA HEPATITE C.. -Lida pola secretaria substituta a moción que di así:
O **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base á seguinte:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:
A enfermidade hepática causada polo virus da hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública xa que segundo cifras do propio Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, en España, unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus.
Ata hai pouco tempo, esta enfermidade era de difícil tratamento, pois para elo se contaba con poucos fármacos dunha gran toxicidade, con graves efectos secundarios e cunhas altas taxas de fracaso terapéutico.

Afortunadamente esa situación mudou coa aparición de novos fármacos. Aínda que, coa desculpa da situación económica, os gobernos conservadores buscaron por todos os medios retrasar a incorporación ao Sistema Sanitario Público desas novas medicinas que eliminaban o virus en case o 100 % dos casos, pero que chegaban aos mercados con prezos moi elevados.
Foi en setembro dese ano 2014 cando a Ministra que, daquela ocupaba a carteira de sanidade, anunciaba publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco, que se incluía na sanidade pública e que os médicos xa o podían prescribir a todos aqueles doentes que o precisaran e en toda España, tivo que chegar outro Ministro e pasar aínda outro ano para que doentes en estado terminal pola HVC puideran por fin tratarse.
Necesitouse da presión política, social e das persoas afectadas agrupadas nunha plataforma para que por fin o Goberno do Estado, en abril do ano 2015, elaborara un protocolo que indicaba cando aplicar esta nova medicación.
No caso de Galicia, e, como acabamos de comprobar, nunha denuncia que a Fiscalía lle fai o Goberno do Sr. Feijoo en Galicia se negou ese tratamento a persoas que o necesitaban e que como consecuencia desa negativa faleceron.
Persoas para as que os e as especialistas que as trataban consideraban imprescindible esa medicación que se contemplaban no protocolo aprobado por Madrid, pero que a consellería de Feijoo non atendeu.
Está moi claro que os recortes aplicados á sanidade antes ou despois matan. Recortes que Feijoo aplicou, como no caso da HVC, as medicinas, as persoas mentres gastaba millóns e millóns de euros en privatizar hospitais, tecnoloxía, maquinaria, laboratorios, cociñas, ...

Por todo o exposto e logo de coñecer que a Fiscalía de Galicia acusa o Goberno de Feijoo de homicidio imprudente, pola morte de varios pacientes por non administrarlle o Tratamento da Hepatite C, aplicando criterios económicos en vez de criterios clínicos, o **PSdeG-PSOE de Narón**, somete para o seu debate e a súa aprobación se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS:**
Instar ao Goberno galego a suprimir, de forma inmediata, os recortes das prestacións sanitarias e permitirlle aos profesionais sanitarios a administración dos medicamentos necesarios a cada paciente, en función da súa eficacia terapéutica e non por criterios económicos e de control do déficit.
Narón, 25 de abril de 2015
Catalina García Blanco
DNI: 32653535K
Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
E visto o ditame FAVORABLE, por maioría, con 5 votos a favor (2 TEGA+1 PSdeG-PSOE+ 1 BNG+ 1 GRUPO MIXTO), e 1 voto en contra do PP da Xunta de Portavoces de data 25-04-16, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.
DEBATE
-Sr.Dopico Pérez: es la pandemia escondida.
La hepatitis C es una enfermedad del hígado que está causada por el virus del mismo nombre; ese virus puede causar una infección, tanto aguda como crónica, cuya gravedad varía entre una dolencia leve que dura algunas semanas, y una enfermedad grave de por vida.
El virus de la hepatitis C se transmite a través de la sangre, y las causas de infección más comunes son las prácticas de inyección poco seguras, la esterilización inapropiada de equipo médico en algunos entornos de atención sanitaria y la transfusión de sangre y productos sanguíneos sin analizar.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Aproximadamente un 15-45% de las personas infectadas elimina el virus espontáneamente en un plazo de seis meses, sin necesidad de tratamiento alguno.
El restante 55-85% de las personas desarrollará la infección crónica. De esas personas, el 15-30% correrá el riesgo de cirrosis hepática en un plazo de 20 años.
Factores de riesgo
El VHC se transmite fundamentalmente por vía sanguínea. Los factores de riesgo que tradicionalmente se han relacionado con la adquisición del virus son las transfusiones de sangre y de sus derivados hechas antes del año 1990 (a partir de entonces y gracias al conocimiento del VHC y de su cribaje, prácticamente ha desaparecido este riesgo de las transfusiones), la drogadicción por vía intravenosa, la transmisión de la madre infectada al bebé (con un riesgo bajo), la prosmicuidad sexual y la realización de tatuajes y piercings (si estos procedimientos no se hacen de manera adecuada respecto a la esterilización y no reutilización del material empleado).
De todas maneras, se debe tener en cuenta que alrededor del 30% de los pacientes con hepatitis crónica C no presentan ningún factor de riesgo conocido. Se piensa que en la mayoría de estos casos adquirieron el VHC a través del uso de material médico reutilizable, práctica frecuente en España hasta hace unos 25 años, cosa que explicaría la alta prevalencia de la enfermedad en los mayores de 60 años.
La hepatitis C no se transmite a través de la leche materna, los alimentos o el agua, ni por contacto ocasional, por ejemplo, abrazos, besos y comidas o bebidas compartidas con una persona infectada. Non son apestados.

El 60%-70% de los pacientes con Hepatitis C desarrollarán Infección crónica el 5%-20% de los pacientes con Hepatitis C desarrollan Cirrosis Hepática, de los cuales el 7% desarrollarán Carcinoma Hepatocelular (Cáncer Hepático)
El 20%-30% de los pacientes con Hepatitis B desarrollan Cirrosis Hepática y el 25% de las personas desarrollarán Carcinoma Hepatocular.
La infección crónica por Hepatitis C es la causa principal de Enfermedad Hepática crónica y de Transplante de Hígado.
Acutalmente no hay vacuna para la Hepatitis C, pero la vacuna para la hepatitis B es eficaz en el 95% de los casos.
CARGA MUNDIAL:
-150 millones de personas infectadas en todo el mundo.
-500 000 más prevalente que el VIH
-3-4 millones de personas se infectan por primera vez cada año.
-En Europa, los costes clínicos totales para el tratamiento de las complicacones de la Hepatitis C (carcinoma hepato-celular, trasplante de hígado y cirrosis) por persona y año es de 13.690 euros, 118.6162 euros y 12.196 euros respectivamente.
CARGA EUROPA/ESPAÑA:
-En Europa se calculan que hay entre 7,3 y 8,8 millones de personas infectadas por el VHC.
-En España habría unos 900 000 personas con Hepatitis C, y cerca del 70% de estas desconoce que la padece.
-Cada año se infectan entre 3 y 4 millones de personas por el VHC.
Las enfermedades producidas por el virus de la hepatitis C provocan en España la muerte de entre 10 y 12 personas al día. Estas cifras triplican las muertes por accidentes de tráfico que se producen cada día en las carreteras y “duplican” a las que fallecen por infección por el VIH.
La prevalencia del virus de la hepatitis C se encuentra en 1,5 por cada 100 ciudadanos, si bien ha precisado que “el drama “ de esta enfermedad es que “no da síntomas hasta que no está en estados muy avanzados”.
De cada 100 pacientes a los que hay que realizar un trasplante hepático porque su hígado está en una “situación inviable”, entre 80 y 85 lo son porque tienen la enfermedad producido por el virus C.

Destacar que la falta de medicamentos por no poder pagarlos o por no ser suministrados, acaba teniendo el mismo final, la muerte de la persona afectada.
Desde el Grupo Municipal Socialista no vamos a entrar a valorar las decisiones ni los casos judicales en curso, que merecen todo nuestro respeto, y hay que dejar que la Justicia trabaje.
Pero si solicitar al Pleno, instar al Gobierno gallego a suprimir de forma inmediata los recortes de las prestaciones sanitarias y permitirle a los profesionales sanitarios la administración de los medicamenteos necesarios a cada paciente, en función de su idoneidad terapéutica y no por criterios económicos y de control de déficit.

-Sr.Abeledo Fernández: comezo cunha pregunta. ¿Que criterios clínicos xustifican unha demora de oito meses na dispensación dun tratamento a un enfermo grave?
Esta foi a pregunta formulada pola oposición ao Partido Popular tras a imputación de dous cargos da Xunta por atrasar fármacos a pacientes de hepatites C, unha pregunta que Feijóo non foi quen de contestar, ou non tivo o coraxe para facelo.
Lembro cando o señor Beiras no Parlamento Galego avisou ao señor Feijóo o principio da lexislatura de que “os recortes matan”, e o tempo, por desgraza, deulle a razón. O señor Feijóo está hoxe á cabeza dun goberno acusado pola fiscalía de homicidio imprudente por escatimar os medicamentos para aforrar gasto público.
No Partido Popular teñen que entender que non se poden tramitar fármacos vitais para os enfermos “como si fosen licenzas de obra”, estamos a falar da calidade de vida das persoas, e neste caso tamén de vida ou morte.
¿Como explicar esta total “falta de empatía” ante a angustia dos enfermos de hepatites C?, enfermos que protestaron dende o principio polas longas esperas as que foron sometidos para recibir un fármaco que multiplicaba as súas esperanzas de curación.”.

Varios dos afectados que esperaban eses medicamentos morreron por non recibilos a tempo.

¿Como poden durmir polas noites os responsables políticos desta situación?, non podo explicarmo.

O portavoz da Plataforma de afectados pola hepatites C recordou que Feijóo "utilizou o atril do Consello da Xunta" para cualificar aos integrantes deste colectivo de ser "instrumentos políticos" e atribuírlles "intereses escuros". Pero como ben dixo o portavoz da plataforma, “os únicos intereses escuros son no morrer como os nosos compañeiros.”

Oito mortes que puideron tal vez ser evitables que investiga a Fiscalía que acusa a Xunta de Galicia con Feijóo a cabeza de homicidio por atrasar o pago de estes fármacos “por motivos presupostarios”.

Precisamos persoas con un mínimo de humanidade o fronte das nosas institucións. Entendemos que o señor Feijóo xa debería ter dimitido. Grazas.

-Sr.López Balado: muy brevemente, Sr.alcalde. Esperé ahora a que pasaran estas 2 mociones para contestar a las 2 mociones juntas porque hay algunos que se acordaron que estaban en el Pleno de Narón, intervinieron ahora que acabaron los asuntos específicos del Ayuntamiento de Narón. Entonces, ahora que toca hacer demagogia, ahora nos acordamos de que estamos aquí. Bueno. Está bien.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Mira hasta que punto llega la demagogia que el otro día, en la Junta de Portavoces la moción de la Sanidad, pedía el Grupo Socialista comunicarle la resolución del acuerdo a ACNUR y a CEAR, les preguntó aquí el Sr.Casal por estas asociaciones, estas agrupaciones y no sabían ni quienes eran. A ese punto llega la demagogia de lo que estamos hablando aquí.

Y aquí en el tema de la hepatitis C, no nos podemos olvidar que los que tratan este asunto, son médicos, no son políticos. No es el Partido Popular. El Partido Popular duerme por las noches porque no se encarga de este asunto. El Partido Popular pondrá el marco presupuestario pero esto lo resuelven médicos. Son médicos. Hay una comisión de médicos que resuelven los protocolos y hay más de 3000 personas atendidas de la hepatitis C, murieron 8 personas desgraciadamente, sí, murieron. Pero, son médicos los que estamos hablando aquí. Alguno de los grupos que está en este Pleno, ¿quiere sugerir que los médicos tengan interés en que mueran personas? ¿Alguien de verdad puede pensar…? O sea, aquí defendemos cuando hablamos de los técnicos municipales, pero los médicos no son técnicos? Los médicos ¿ no son profesionales? ¿ no son funcionarios también? O sea, yo pienso que no debíamos llegar a esto.

Y ya que dice el Sr.Abeledo que había una pequeña mención al representante de la plataforma de afectados de la Hepatitis C, dijo ayer, no se si lo vio, que España y Galicia era uno de los mejores sitios del mundo donde mejor se trataba la Hepatitis C.

Yo creo que este es un tema bastante serio y a mi me parece impropio venir a hacer demagogia con este asunto.

-Sr.Abeledo Fernández: os recortes en Sanidade non os fan médicos, son decisións políticas.

-Sr.Dopico Pérez: solamente una puntualización. Comentaba el Sr.Balado que los protocolos eran hechos por médicos y no por políticos. Son médicos puestos por los políticos. Esa es la diferencia.

No es lo mismo. Si yo pongo 4 médicos para que me saquen unos protocolos adelante, van a ser con las directrices que yo les diga. No con la que ellos digan.

-Sr.López Balado: Sr.Dopico, lamento que usted tenga esa visión porque a fin de cuentas está hablando de compañeros suyos de profesión, del Sergas. Yo la verdad no acabo de entender esa posición, pero bueno. Oye, allá cada uno. Es una opinión personal.

Yo lo que sí es que el 99% de las personas con la enfermedad recibieron tratamiento. El 99%. ¿Alguien puede pensar que ese 1% que no la recibió fue por los recortes? ¿ alguien puede pensar que hay interés en recortar ese 1% para que esas personas no la recibieran? Por favor, yo pienso que hay que ser algo serios con este asunto.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 2

15 º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO. – Dase conta das seguintes resolucións:

1/ **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto que se solicitou á Excma Deputación Provincial da Coruña participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, no que se incluiu á obra denominada "Construcción de minipistas polideportivas en parques da Gándara e Sta Tecla", por importe de 83.744,58 IVE incluído.

Visto que se detectaron discrepancias entre o proxecto técnico en papel que foi informado polos Servizos Técnicos Municipais e aprobado polo Pleno deste Concello na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de febreiro de 2016, e o proxecto en formado CD, xa que neste último non constaba unha folla correpondente ao cadro de prezos nº2.

Visto que o proxecto en CD foi o que se enviou á Deputación da Coruña e se subiu á plataforma co obxecto de solicitar a devandita subvención.

Por todo o exposto, esta Alcaldía vén RESOLVER:

PRIMEIRO.- Remitir o proxecto técnico no fomato CD, unha vez corrixido o erro de grabación, da obra "Construcción de minipistas polideportivas en parques da Gándara e Sta Tecla", redactado polo arquitecto técnico D. José M. Saavedra Pantín, por importe de 83.744,58 euros, IVE incluído.

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte, á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016.

Narón, 8 abril 2016

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)

A alcaldesa acctal.
Asdo.- Marián Ferreiro Díaz.

O secretario xeral
Asdo.- Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.

2/ **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña, recibido de forma telemática o día 12 de abril de 2016, no referente ao Plan de Acción Social (PAS) 2015, no que se solicita que se realicen unha serie de correccións nas actuacións que de seguido se relacionan:

- Mellora de eficiencia enerxética na iluminación pública das vivendas da Marina e no seu contorno.
- Mellora de eficiencia enerxética na iluminación pública das vivendas do Bispo, rúa Concepción Arenal e rúa Bispo Argaia.

Debido a que estos dous investimentos expostos con anterioridade son cualificados pola Excma. Deputación Provincial como unha subministración, e non como unha obra, deberá redactarse o correspondente prego de prescricións técnicas.

No relativo á obra que se relaciona a continuación, comprobouse que o orzamento do proxecto contiña erros de cálculo, polo que se deben realizar as correccións oportunas:

- Melloras de seguridade vial en travesía Garda Civil, María Vieito, e Rúa Neda.

Visto que o Concello Pleno, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 14 de decembro de 2015, aprobou os proxectos das devanditas actuacións.

Unha vez redactados os pregos de prescricións técnicas das actuacións correspondentes a subministracións, e visto que se corrixiu o proxecto da devandita obra sen afectar á natureza das

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

obras a realizar nin variar o seu orzamento total aprobado polo Concello Pleno na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 14 de decembro de 2015.

Por todo o exposto, esta Alcaldía, vén RESOLVER:

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas das subministracións, e o proxecto técnico corrixido da obra, das seguintes actuacións que se relacionan, sen que se modifique nin o seu financiamento nin o orzamento total, enmarcados no apartado de "Outros investimentos financeiramente sostibles" do Plan de Acción Social (PAS) 2015:

Denominación da obra ou subministración	**Orzamento total**
Melloras de seguridade vial en travesía Garda Civil, María Vieito, e rúa Neda	32.055,28
Mellora de eficiencia enerxética na iluminación pública das Vivendas da Marina e no seu contorno	184.999,32
Mellora de eficiencia enerxética na iluminación pública das Vivendas do Bispo, rúa Concepción Arenal e rúa Bispo Argaia	114.998,40
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	**332.053,00**

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento.
TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte, á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan de Acción Social (PAS) 2015.
Narón, 25 de abril 2016

O ALCALDE-PRESIDENTE Ante min,
(***(Dou fe da identidade do asinante)***
A SECRETARIA SUBSTITUTA
Asdo.- José M.Blanco Suárez ***Asdo.- M.Angeles Manteiga Fulgueira***

3/ <u>RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA</u>

Visto o informe-proposta da xefa de servizo de Organización e RRHH que textualmente di: "*ANTECEDENTES*
Con data 30 de marzo de 2016, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asinou convenio de colaboración coa Fegamp, para xestión de residuos de aparellos eléctricos e Electrónicos .
O citado Convenio, establece a posiblidade de adhesión ao mesmo para os Concellos de Galicia, que teñan autorización para xestión do punto limpo
O Concello de Narón está autorizado para a xestión do punto limpo
NORMATIVA DE APLICACIÓN
* Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia en relación coa Lei 22/2011 de 28 de xullo de*
residuos e solos contaminados de Galicia.
* Decreto 4/2005 de 13 de xaneiro sobre a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio*
ambiente coas entidades locais en materia de residuos
* Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local*
* Lei 30/1992 de 26 de noviembre, Lei de réxime xurídico e Procedemento administrativo común*
INFORME

As actuacións en materia de tratamento de residuos, son competencia dos Concellos segundo se determina na letra l do artigo 25. 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. "…2. O Municipio exercerá , en todo caso, competencias, nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas,
nas seguintes materias: …. Suministro de auga e alumeado público; servicios de limpeza viaria, de recollida e tratamento de residuos, alcantarillado e tratamiento de augas residuais." Igualmente a Lei 22/2011 de Galicia ,de residuos e solos contaminados , atribuue as entidades locais, como servizo obligatorio, o recollida, transporte e tratamento de ditos residuos xerados nos fogares, comercios e serivzos do término municipal.
Os convenios de colaboración teñen como nota característica, contribuir a un fin común de interés público nos que hai unha cooperación conxunta entre entidades públicas.
Na presente proposta de convenio a Xunta de Galicia e o Concello de Narón actúan no ámbito das súas propias competencias para a consecución dun fin común, podemos determinar, desde este momento, que se trata dun convenio de colaboración dos regulados polo articulo 6 e seguintes da Lei 30/1992 da LRJ-PAC e no artigo 57 da Lei 7/1995 de Réxime Local que se refire aos convenios administrativos como vía para encauzar a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración
O Convenio Marco non supón aportación económica inicial para o Concello de Narón, que deberá no obstante, tomar as medidas necesarias para lograr unha mellora continua do reciclado de RAEE e garantir a correcta integración da recollida selectiva de RAEE no ámbito da xestión de residuos municipais, o Concello ademais, ao suscribir o Convenio, se compromete a asumir, unha vez rematadas as actuacións e previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, o mantemento e conservación dos subministros.
O prazo establecido para adhesión dos Concellos de Galicia ao Convenio Marco remata o día 30 de abril, a estos efectos resulta necesaria a aprobación pola Alcaldía-Presidencia, dando conta ao Concello Pleno da resolución adoptada. Por todo o exposto, a funcionaria que suscrebe emite o seguinte INFORME-PROPOSTA para a súa aprobación pola Alcaldía-Presidencia:

1)Aprobar a adhesión do Concello de Narón ao CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTION DE RESIDUOS DE PARELLOS ELECTRICOS E ELECTRONICOS
cuxos términos acompañan ao presente informe-proposta
2) Notificar o presente acordo á Conselleria de medio ambiente e ordenación do territorio e á Federación Galega de Municipios e Provincias
3) Dar conta da presente resolución ao Concello Pleno "
Visto o informe favorable da Intervención Municipal, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei ven en RESOLVER:
4) Aprobar a adhesión do Concello de Narón ao CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTION DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS cuxos términos acompañan ao presente informe-proposta
5) Notificar o presente acordo á Conselleria de medio ambiente e ordenación do territorio e á Federación Galega de Municipios e Provincias
6) Dar conta da presente resolución ao Concello Pleno "

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Ante min,
(Dou fe da identidade do asinante)

Asinado dixitalmente por:
O alcalde-presidente
José M.Blanco Suárez
27/04/2016

Asinado dixitalmente por:
A secretaria substituta
MªAngeles Manteiga Fulgueira
27/04/2016

O Concello Pleno, deuse por enterado.

16º.- <u>ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES</u>

<u>MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA MELLORAR A TRANSPARENCIA E ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN</u>.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Narón con CIF: G70068895, e o amparo do establecido nos arts. 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **presenta para o seu debate a Pleno a seguinte Moción:**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA MELLORAR A TRANSPARENCIA E ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobras coñecido o interese manifestado polo PP de Narón pola transparencia e pola mellora do acceso da información ao conxunto dos cidadáns.

O día 04/04/2016 entrou no Rexistro Xeral do Concello de Narón un escrito da "Asociación Sociocultural ASCM", no que pedían recoller unhas variacións no Regulamento Orgánico, que ía precisamente nesa liña.

Na Xunta de Portavoces do día 25 de abril se tratou ese escrito baixo o formato de alegación ao Regulamento Orgánico. Na reunión, acordouse deixar dito regulamento coa redacción actual, entendendo que tal e como está xa se pode facer o que pedía a entidade antes mencionada, e que soamente era cuestión de vontade política dos distintos grupos o aprobar unha iniciativa que puxera en marcha o que se pedía.

En base ao exposto, este Grupo Municipal do Partido Popular ven a formular a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Ante a inacesibilidade da zona pública do local de Plenos do Concello de Narón, a gravación en vídeo das sesión do Pleno para poñelas a disposición do público xeral, mediante retransmisión en directo a través de internet.

2º.-Publicación das gravacións en audio dos Plenos e das correspondentes actas, incluído os debates.

3º A inclusión, con posterioridade á celebración do Pleno, en tódolos documentos ou soportes dunha ligazón que permita acceder de forma directa e independente a cada un dos puntos tratados no Pleno.

En Narón, a 27 de abril de 2016
Asinado: Marcos López Balado
Voceiro Municipal do Partido Popular

<u>VOTACIÓN DA URXENCIA</u>.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a urxencia de tratar esta moción.

<u>DEBATE</u>

-Sr.López Balado: si, muy brevemente Sr.alcalde. Esto es lo que ya comentamos antes en el punto del Reglamento de Participación, un escrito que había entrado por Registro de la asociación sociocultural ASCM por el tema de la accesibilidad. Lo que se hablo en la Junta de Portavoces es que el actual reglamento con la actual redacción ya permitía hacer las cosas que se pedían. Simplemente faltaba la voluntad política de tomarla pues por los representantes políticos que estamos aquí en este Pleno, para llevarlo adelante y de sobras ya fue conocido siempre nuestro

interés en esta materia. Fuimos los primeros que hablamos en este ayuntamiento el tema de grabar los Plenos y de ponerlos a exposición pública y simplemente nos limitamos a recoger las mismas peticiones que hacía esta asociación, las recogimos aquí.
O sea, esto tampoco queremos que sea un mérito del Partido Popular. Simplemente pretendemos que esa solicitud que se hacía que nos parecía legítima, se plasme aquí y de alguna forma buscar una cierta complicidad que me pareció que la mayoría de los que estábamos en la Junta de Portavoces estábamos de acuerdo en los puntos que se pedían y bueno, a ver si somos capaces de sacar esta propuesta adelante.

-Sr.Casal Pita: ben, eu xa defendín estes 3 puntos, estes temas, de todas maneiras, o que se pide nesta moción eu anteriormente, tiven unha moción (creo recordar que foi no mes de outubro) que decía máis ou menos esto e algunhas cousas máis, no. Pedíamos esto mesmo e outras cousas.
Entonces bueno, alegraríame que, nesta ocasión, tivese o apoio do goberno. Grazas.

-Sr.Abeledo Fernández: a min sorpréndeme un pouco a moción do PP porque asistín á Xunta de Portavoces onde se debatiron estes temas e creo recordar que todos os grupos estivemos de acordo en levar adiante estes 3 puntos, que o PP agora solicita nesta moción, no.
Creo que o que se falou ao final foi sintéticamente era posible que se puxeran canto antes adiante estes puntos. Por este motivo, sorpréndeme un pouco que despois desta Xunta de Portavoces se presente esta moción.

-Sra.García Blanco: boa tarde Sr.alcalde e demais membros da Corporación de Narón.
Simplemente manifestar que dado que se está a traballar para o que se pide nesta moción e tendo en conta ademáis que a secretaria accidental na Xunta de Portavoces explicou as posibles dificultades á hora de publicar contidos e información comprometéndose a estudiar a forma de facer público o maior contido posible das sesión plenarias, imos votar negativamente esta moción, deixando enriba da mesa novamente que xa se está a traballar no Regulamento de Transparencia do Concello que, contempla todo o solicitado .
Non queremos deixar pasar a oportunidade de dicir que algo debemos de estar facendo ben, ou polo menos, non tan mal cando dende a Federación Española de Municipios e Provincias nos felicitou e se nos pediu utilizar o noso Portal de Transparencia como modelo a aplicar en todos os concellos. Ou cando nos chamaron dende a Diputación de Ourense para solicitarnos que se lles designe dende Narón para facer o seu portal de transparencia e creo que non é sospeitosa a Diputación de Ourense de ser afín a ningún dos partidos que estamos formando o goberno de Narón. Moitas grazas.

-Sr.López Balado: bueno, efectivamente en la Junta de Portavoces se habló que se estudiaría la forma de ponerlo en práctica, a mi me parece bien, cuando se estudie la forma que se ponga en práctica pero aquí estamos para tomar una decisión política que es la decisión de llevar adelante esto.
No somos técnicos, no vamos a decir como se hace. Correcto.Después no hace falta que la Sra. García nos venga a decir de la publicidad de las actas y esta documentación porque ya son públicas aunque a ella no le guste. Entonces no sé a que viene aquí a presumir.
Y le voy a hacer una matización sobre el Portal de Transparencia porque el Portal de Transparencia lo hicieron funcionarios, lo hicieron técnicos, no venga usted a atribuirse el mérito de los técnicos. Yo aquí estoy hablando de una moción política acerca de tomar una posición política. Nadie está poniendo en cuestión el Portal de la Transparencia, que ya sé que es un buen

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

portal de transparencia y en su día yo ya felicité a los autores. Autores que , por cierto, son técnicos, no políticos.
No sé , usted no tuvo nada que ver en el Portal de Transparencia. Estoy seguro que no tuvo ni un punto ni una coma de aportación del Portal de Transparencia, no quiera usted atribuirse el mérito de los demás y esto que es la parte que nos toca a nosotros, política, si quieres votas a favor y si quieres votas en contra. Si votamos a favor y va adelante, luego los técnicos lo van a ejecutar. No nos podemos atribuir si queda bonita o es práctica o quedó bien. Podemos atribuirnos el mérito de darle para adelante pero son los técnicos los que lo hacen.

-Sra.García Blanco: Sr.alcalde, pido que cando se redacte a acta do que dixen na miña intervención, se contemple se realmente as miñas verbas din o que acaba de dicir o portavoz do Partido Popular porque penso que ten un problema de interpretación do que din os demais.
Simplemente decirlle que as verbas que eu manifesto na miña intervención son propiedade miña. Non son eu a responsable do que el queira interpretar. Moitas grazas.

-Sr.Casal Pita: simplemente dicir que, bueno, o Portal de Transparencia está moi ben. Nós tamén felicitamos o portal porque é moi didáctico e eso foi o que gustou en toda España. Pero o Portal de Transparencia hai que enchelo. E como xa dicía o Sr.secretario cando nos fixo a presentación, dixo: “Señores políticos, non hai plan ningún”. Falando dos plans que, xa tivemos hoxe unha moción sobre eso, dixo: Sres. políticos, non hai plan ningún, hai que facer plans, e hai que encher o portal con máis cousas, non é simplemente facelo bonito. Grazas.

-Sr.alcalde: bueno, pois que sexa bonito ou no, os técnicos fan o seu traballo e os políticos o refrendamos, porque neste momento somos os que gobernamos en Narón. Podía haber outra postura. De todas maneiras, por moitas mocións que presente a oposición non nos vai a cambiar a forma de traballar nin os prazos a traballar. É un compromiso pero o vamos a facer despacio, ben, con compromiso dos técnicos etc. etc. Polo tanto, ao que me refiro que por moitas mocións que presenten para axilizar o que consideran urxente, nós temos o noso espazo.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **REXEITOU** a moción transcrita:
TEGA: En contra 10
PP: A Favor 5
PSdeG-PSOE: En contra 2
BNG: En contra 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 2

17º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

-Sr.Casal Pita: ben, eu teño tres rogos.

Primeiro, quixeramos que nos deran contestación a solicitudes de información pendentes algunha desde setembro do pasado ano.

Segundo: sobre a asignación de prazas para cursos organizados polo concello. O actual sistema de asignación por orden de chegada ou orden de rexistro, favorece as persoas mellor informadas e con facilidade para facer o rexistro, mentras que non ten en consideración outras cuestións coma a situación social dos solicitantes, currículo, cursos anteriores, tempo en desemprego, etc..., polo que consideramos que nin ofrece igualdade de oportunidades nin ten en consideración a situación socio-económica-educativa dos solicitantes. Polo que pedimos que se revise.

Por último, o último punto: hoxe houbo unha reunión cos veciños do Val sobre o tema da parcelaria e bueno foi un desastre, foi un desastre porque, entroutras cousas, a megafonía non funcionaba, non se entendía, foi un barullo todo.

Entonces, ao final, os representantes da Xunta, quedaron en volver para a semana, volver a explicar e, eu persoalmente, estiven falando cun deles e lles pedín se podían poñer algún persoal para que fora varios días alí, para ir atendendo persoalmente ás distintas inquedanzas dos veciños porque hai moitas, no.

Entonces, eu creo que dende o concello, deberíamos preocuparnos deste problema, falar coa Xunta, ver como se pode apoiar e organizar estas cuestións para facilitarlle aos veciños todo este tema de papeleo porque hai que recordar que moitos son persoas maiores e ademais incluso, hai problemas de fincas que non son ben coñecidos os donos, etc.

E por outra parte, tamén hai que tratar de solucionar coa Xunta, de tratar problemas que hai na parcelaria e que os veciños están a denunciar dende hai tempo. Entonces quero recordarlle 10 puntos para que teña unha mostra importante:

1. No deseño das pistas non se tivo en conta as modificacións na recollida de augas o que leva a empantanar fincas na época de choivas.
2. Falta de conexión de pistas existentes coas principais, co risco de converterse en trampas mortais en caso de incendio, ademais os camións da madeira teñen que dar voltas para saír as vías principais, co conseguinte deterioro destas.
3. Fincas sen viarios de acceso nos espazos Red Natura 2000.
4. Fincas sen acceso directo ás pistas que teoricamente lles dan servicio porque din que eso é unha cousa que teñen que facer os veciños, o cal non me parece de rigor porque se supón que a Xunta tiña que construír e dar o servizo para eso, senón que tampouco fixeran as pistas.

-Sr.alcalde: a ver, Alfonso, perdona, é que me estás plantexando un rogo á Alcaldía e o que estás facendo é preguntas con citacións á Xunta de Galicia que non ten nada que ver. Faime un rogo e dime que lle comunique e despois por escrito o fago pero non nos contes aquí …..

-Sr.Casal Pita: vale, solicito á Alcaldía que teña, digamos, unha actitude proactiva para solucionar estes temas e quero que teña en conta que hai complicacions importantes, eh.
Bueno, ao final, para a semana que ven vai haber outra reunión e entonces como o local social ao final é do Concello, pois ao mellor teríamos que facer algunha actuación aínda que sexa para saír do paso para que o problema da megafonía que houbo hoxe non se volva a repetir aínda que sexa de forma provisional e estar atentos para que estas cousas funcionen. Creo que é unha actitude proactiva que debe de terse en conta. Grazas.

RESPOSTAS SR.ALCALDE:
-Xa vou a contestar, como sempre. Vou a contestar ás preguntas, esa pregunta xa dixen que se traspapelara, que ninguén sabía onde estaba esa de setembro. Despois ao final apareceu, se lle vai a contestar porque hai unha nova, e imos contestando cando podemos.
Eu, o que xa dixen a todos os grupos. O que non vou a paralizar é o funcionamento do Concello para contestar ás preguntas. Legalmente asumirei eu os retrasos pero non vou empantanar ningún servizo para buscar documentación que paralice o servizo aos veciños do Concello de Narón para contestar a un político. Con todos os dereitos que ten o político, eh.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Segundo, o do rexistro é un sitema que está e estamos abertos a que na comisión se fale, se fagan propostas, etc. etc. Este é o sistema habitual e pode falar calquera.
Terceira, a parcelaria cando quere, hai unha comisión onde está o alcalde de Valdoviño, o alcalde de Narón e, cando quere, chaman e cando necesitan axuda, chaman. Cando eles organizan as súas competencias é distinto e se non lles funciona a megafonía que traigan unha nova. Ou que a aluguen. Non pretenderá que o concello lle poña unha megafonía á Xunta. As competencias son muy claras. Outra cousa é que, vendo se hai problemas que este alcalde, vaia intentar colaborar polo ben dos veciños pero non esqueza de quen son as competencias. E as competencias son exclusivas da Xunta de Galicia. E aparte ten outro problema, que esta concentración de montes é de Narón e Valdoviño; que son Meirás, Lago, etc. etc.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 21:15 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Concello de Narón · Alçaldía ·

Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

A SECRETARIA SUBSTITUTA

Concello de Narón · Secretaría ·

Asdo.- MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA